<ul style="list-style-type: none"> - Biografía lingüística persoal e da súa contorna. - Recoñecemento nas expresións verbais e non verbais da igualdade entre homes e mulleres.

Contidos

- Xéneros discursivos
- Elementos básicos de contido (tema, léxico).
- Procesos: interacción oral
- Estratexias para o recoñecemento e interpretación de forma acompañada da información xeral de textos sinxelos adecuados á idade.
- Procesos: produción oral
- Creación de textos orais básicos nos que utilicen unha linguaxe verbal non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a comprensión lectora de textos, da literatura galega, axeitados ao nivel: título e ilustracións.
- Procesos: comprensión lectora
- Elementos gráficos e paratextuais sinxelos que facilitan a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.
- Uso da biblioteca de aula ou do centro como recurso para a adquisición do hábito lector a través da lectura de textos axeitados ao nivel.
- Inicio no coñecemento básico respecto da organización e funcionamento das bibliotecas de aula e de centro e na creación dunha biblioteca propia e persoal con textos da literatura galega.
- Procesos: produción escrita
- Elementos gráficos e paratextuais sinxelos, como as ilustracións, que facilitan a comprensión do texto.
- Construción da identidade lectora a partir da lectura de textos de diversas fontes de información.
- Inicio na construción da identidade lectora mediante a lectura de breves textos literarios, adaptados á idade. Expresión de gustos e intereses.
- Funcionamento elemental da biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.
- Relación dos textos lidos da literatura infantil galega con outras manifestacións artísticas e culturais.
- Signos básicos de puntuación como mecanismo para organizar o texto escrito.
- Procedementos elementais de adquisición de vocabulario galego e relación de significado entre unhas palabras e outras.

UD	Título da UD	Duración
6	A descrición	28

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Recoñecer as distintas linguas empregadas na súa contorna a través da interacción coas persoas próximas.	Identificar as linguas faladas da contorna.	TI	100
CA2.3 - Identificar, de maneira acompañada, o contido de textos orais e multimodais sinxelos, valorando a información máis relevante.	Comprender, con axuda, ideas xerais de distintos tipos de textos.		
CA2.6 - Participar en interaccións orais espontáneas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente e incorporando estratexias elementais de escoita activa.	Participar en pequenas exposicións e actividades de intercambio oral.		
CA3.3 - Comprender o sentido global de distintos tipos de textos adaptados á súa idade, valorando a lectura como medio de adquisición de vocabulario, como gozo persoal, a partir de estratexias básicas de comprensión antes, durante e despois da lectura.	Comprender, con axuda, ideas xerais de distintos tipos de textos.		
CA3.6 - Adquirir o hábito lector e o gusto pola lectura a través da lectura de textos axeitados ao nivel.	Desenvolver o gusto persoal e desfrute pola lectura.		
CA3.7 - Producir, con axuda, textos escritos e multimodais sinxelos propios do ámbito escolar e textos infantís breves e sinxelos a partir de modelos dados, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.	Producir textos escrito sinxelos con axuda.		
CA3.8 - Coñecer, de forma xeral e acompañada, a organización e funcionamento das bibliotecas de aula e de centro, amosando interese por formar unha pequena biblioteca propia.	Coñecer, de forma xeral e acompañada, a organización e funcionamento das bibliotecas de aula e de centro		
CA3.9 - Construír, a través da linguaxe e de forma progresiva, un pensamento crítico non discriminatorio.	Desenvolver o pensamento crítico.		
CA4.3 - Coñecer, de xeito guiado, o funcionamento da biblioteca de aula.	Coñecer, de xeito guiado, o funcionamento da biblioteca de aula.		
CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais en relación coa busca e a comunicación da información, utilizando, de xeito guiado, programas e aplicacións educativas dixitais.	Realizar actividades puntuais utilizando as novas tecnoloxías.		
CA5.2 - Compartir oralmente e de forma acompañada a experiencia da lectura e o seu gozo, participando en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Desenvolver o gusto persoal e desfrute pola lectura.		
CA5.4 - Identificar a biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.	Asociar o espazo da biblioteca como un espazo educativo máis.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.3 - Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua, prestando especial atención á concordancia e ás relacións de significado entre as palabras, a partir da observación, da comparación e da transformación de palabras e enunciados, nun proceso acompañado de comprensión de textos en contextos significativos.	Coñecer de xeito xeral o funcionamento da lingua.		
CA6.3 - Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua galega, prestando especial atención á concordancia, a partir da observación, comparación e transformación de palabras nun proceso acompañado de comprensión de textos en contextos significativos.	Coñecer, de xeito básico, as propiedades das palabras.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Recoñecemento nas expresións verbais e non verbais da igualdade entre homes e mulleres. - Xéneros discursivos - Estratexias para a adquisición de destrezas elementais sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma). - Estratexias para a produción, con cohesión e coherencia, de textos orais básicos axeitados a súa idade (normas, contos¿). - Procesos: produción oral - Creación de textos orais básicos utilizando unha linguaxe verbal non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. - Construción e comunicación de coñecemento mediante a planificación e produción acompañada de textos orais e multimodais breves e sinxelos, utilizando recursos non verbais elementais. - Contexto - Estratexias para a planificación e produción de textos básicos axeitados á súa idade (normas, contos¿). - Xéneros discursivos - Estratexias para a adquisición de destrezas elementais sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma). - Procesos: comprensión lectora - Lectura en voz alta con entoación e ritmo progresivamente adecuados ao nivel cognitivo. - Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís para acadar progresivamente á expresividade. - Inicio no coñecemento básico respecto á organización e funcionamento das bibliotecas de aula e de centro e na creación dunha biblioteca propia e persoal. - Procesos: produción escrita - Adquisición progresiva da lectoescritura. - Estratexias básicas para a mellora da expresión escrita. - Iniciación das regras ortográficas básicas, con especial atención ao uso do punto e das maiúsculas.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais da aula ou do centro. - Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura da información, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable - Inicio na construción da identidade lectora mediante a lectura de breves textos literarios, adaptados á idade. Expresión de gustos e intereses. - Estratexias para a interpretación acompañada e compartida de obras sinxelas en galego, a través de conversacións dirixidas. - Estratexias para a transformación guiada de palabras entre as distintas linguas da contorna escolar. - Estratexias básicas de recoñecemento da intención comunicativa. - Procedementos elementais de adquisición de vocabulario e relación de significado entre unhas palabras e outras.

UD	Título da UD	Duración
7	A poesía	27

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais da súa contorna, incluída unha primeira aproximación ás linguas de signos, valorando a igualdade nas diferenzas.	Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais da súa contorna.	TI	100
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais da súa contorna, incluída unha primeira aproximación ás linguas de signos, valorando a igualdade nas diferenzas.	Coñecer as distintas linguas da contorna.		
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario básico a partir das experiencias e situacións de aula.	Ampliar paulatinamente o vocabulario básico.		
CA3.2 - Desenvolver estratexias para a comprensión lectora de textos axeitados ao nivel: título e ilustracións.	Desenvolver estratexias para a comprensión lectora.		
CA3.6 - Adquirir o hábito lector e o gusto pola lectura a través da lectura de textos axeitados ao nivel.	Desenvolver o gusto persoal e desfrute pola lectura.		
CA3.8 - Coñecer, de forma xeral e acompañada, a organización e funcionamento das bibliotecas de aula e de centro, amosando interese por formar unha pequena biblioteca propia.	Coñecer, de forma xeral e acompañada, a organización e funcionamento das bibliotecas de aula e de centro		
CA4.1 - Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Usar, con axuda, as novas tecnoloxías en actividades puntuais.		
CA4.3 - Coñecer, de xeito guiado, o funcionamento da biblioteca de aula.	Coñecer, de xeito guiado, o funcionamento da biblioteca de aula		
CA4.5 - Construír a identidade lectora a partir de lecturas de textos de diferentes fontes.	Desenvolver o gusto persoal e desfrute pola lectura.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Ler de maneira acompañada textos de distintos autores e autoras da literatura galega, acordes cos seus gustos e intereses, tendo en conta as diferentes etapas do proceso evolutivo da lectura.	Ler, con axuda, diversos tipos de textos.		
CA5.1 - Ler de maneira acompañada textos de distintos autores e autoras acordes cos seus gustos e intereses, tendo en conta as diferentes etapas do proceso evolutivo da lectura.	Ler, con axuda, distintos tipos de textos.		
CA5.2 - Compartir oralmente e de forma acompañada a experiencia da lectura e o seu gozo, participando en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Desenvolver o gusto persoal e desfrute pola lectura.		
CA5.5 - Reproducir, de xeito acompañado e a partir de modelos dados, textos literarios sinxelos.	Reproducir frases con axuda.		
CA5.6 - escoitar e ler textos orais e escritos da literatura infantil, especialmente en lingua galega, que recollan diversidade de autores e autoras, establecendo de maneira acompañada relacións elementais entre eles e con outras manifestacións artísticas e culturais.	Escoitar e ler distintos textos de distintos autores e autoras.		
CA6.4 - Revisar e mellorar os textos propios e emendar algúns problemas de comprensión lectora, de maneira acompañada, a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e usando a terminoloxía lingüística básica adecuada.	Desenvolver a comprensión lectora.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Recoñecemento social das dúas linguas oficiais de Galicia. - A diversidade etno-cultural e lingüística no contexto escolar e familia. - Xéneros discursivos - Elementos básicos de contido (tema, léxico). - Procesos: comprensión oral - Comprensión global de textos orais e multimodais sinxelos de diversa tipoloxía, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e atendendo á forma da mensaxe procedente de diversas fontes. - Contexto - Estratexias para a planificación e produción de textos básicos axeitados á súa idade (normas, contos). - Xéneros discursivos - Elementos básicos de contido (tema, fórmulas fixas). - Estratexias para a comprensión lectora de textos axeitados ao nivel: título e ilustracións. - Procesos: comprensión lectora

Contidos

- Lectura en voz alta con entoación e ritmo progresivamente adecuados ao nivel cognitivo.
- Valoración da lectura de textos sinxelos como medio para ampliar o vocabulario, aplicando os coñecementos básicos das normas ortográficas.
- Inicio no coñecemento básico respecto á organización e funcionamento das bibliotecas de aula e de centro e na creación dunha biblioteca propia e persoal.
- Procesos: produción escrita
- Adquisición progresiva da lectoescritura.
- Elementos gráficos e paratextuais sinxelos, como as ilustracións que facilitan a comprensión do texto.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Recoñecemento de forma acompañada da autoría de escritores e escritoras galegos e galegas.
- Recoñecemento da autoría dos textos de forma acompañada.
- Lectura acompañada de obras sinxelas e variadas da literatura infantil adecuadas aos seus intereses.
- Comprensión, memorización e recitado de poemas sinxelos.
- Comprensión, memorización e recitado de poemas sinxelos.
- Estratexias básicas de recoñecemento da intención comunicativa.

UD	Título da UD	Duración
8	O xornal	27

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Recoñecer, de maneira acompañada e en contextos próximos, algúns prexuízos e estereotipos lingüísticos e culturais moi frecuentes, a partir da observación da contorna.	Recoñecer, de maneira acompañada e en contextos próximos, algúns prexuízos e estereotipos lingüísticos e culturais.	TI	100
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais e as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e iniciando, de maneira acompañada, a valoración do contido da información máis relevante e dos elementos non verbais elementais.	Desenvolver a comprensión lectora e identificar, con axuda, ideas xerais dos textos.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias elementais para a escoita activa e o consenso, iniciándose na xestión dialogada de conflitos.	Desenvolver a escoita activa, respectando as normas de convivencia.		
CA3.4 - Analizar, de maneira acompañada, o contido de textos escritos sinxelos axeitados ao seu nivel e os aspectos formais e non verbais de textos infantís sinxelos.	Desenvolver a comprensión lectora e identificar, con axuda, ideas xerais dos textos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Adquirir o hábito lector e o gusto pola lectura a través da lectura de textos axeitados ao nivel.	Desenvolver o gusto persoal e desfrute pola lectura.		
CA3.8 - Coñecer, de forma xeral e acompañada, a organización e funcionamento das bibliotecas de aula e de centro, amosando interese por formar unha pequena biblioteca propia.	Coñecer, de forma xeral e acompañada, a organización e funcionamento das bibliotecas de aula e de centro.		
CA3.10 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios a partir da reflexión grupal.		
CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación grupal sinxelo, sobre algún tema de interese persoal, realizado de maneira acompañada, que implique a selección de distintas fontes documentais para a procura da información.	Realizar pequenas exposicións como conclusións a pequenas investigacións grupais.		
CA4.3 - Coñecer, de xeito guiado, o funcionamento da biblioteca de aula.	Coñecer, de xeito guiado, o funcionamento da biblioteca de aula.		
CA5.2 - Compartir oralmente e de forma acompañada a experiencia da lectura e o seu gozo, participando en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Participar con axuda en situacións de lectura oral.		
CA5.2 - Compartir oralmente e de forma acompañada a experiencia da lectura e o seu gozo, participando en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Desenvolver o gusto persoal e desfrute pola lectura.		
CA6.2 - Producir, de maneira acompañada, textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados.	Realizar producións escritas respectando o proceso evolutivo da escritura.		
CA6.2 - Producir en galego, de maneira acompañada, textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados.	Utilizar a lingua galega na fala e nas producións escritas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos e culturais a partir da observación da contorna. - Uso dunha linguaxe, verbal e non verbal, non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero. - Contexto - Incidencia dos compoñentes (situación, participantes ou intención) na comunicación oral. - Xéneros discursivos - Interese pola ampliación de vocabulario básico.

Contidos

- Procesos: interacción oral
- Estratexias de escoita activa na resolución dialogada dos conflitos.
- Procesos: comprensión oral
- Detección de usos claramente discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal en anuncios, carteis publicitarios...
- Contexto
- Estratexias para a planificación e produción de textos básicos axeitados á súa idade (normas, contos).
- Incidencia dos compoñentes (situación e participantes) no acto comunicativo.
- Procesos: comprensión lectora
- Lectura en voz alta con entoación e ritmo progresivamente adecuados ao nivel cognitivo.
- Uso da biblioteca de aula ou do centro como recurso para a adquisición do hábito lector a través da lectura de textos axeitados ao nivel.
- Inicio no coñecemento básico respecto á organización e funcionamento das bibliotecas de aula e de centro e na creación dunha biblioteca propia e persoal.
- Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónico.
- Procesos: produción escrita
- Adquisición progresiva da lectoescritura.
- Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita dos compañeiros e compañeiras.
- Valoración da elaboración e comunicación da información recollida en fontes sinxelas.
- Modelos explícitos para comunicar a información.
- Estratexias básicas para a lectura e interpretación acompañada e compartida de textos, participando nas comunidades lectoras de ámbito escolar.
- Estratexias básicas para a lectura e interpretación acompañada e compartida de textos, participando nas comunidades lectoras de ámbito escolar.
- Diferenzas elementais entre lingua oral e lingua escrita na lingua galega.
- Diferenzas elementais entre lingua oral e lingua escrita.
- Recoñecemento da existencia de distintos tipos de palabras e enunciados e as relacións de concordancia entre elas, a partir da observación, comparación e transformación.
- Estratexias básicas de recoñecemento da intención comunicativa.

UD	Título da UD	Duración
9	O teatro	27

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	TI	100
CA2.4 - Reproducir textos orais sinxelos e próximos aos seus gustos e intereses.	Reproducir, con axuda, textos orais sinxelos.		
CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios identificados a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios.		
CA3.1 - Ler en voz alta textos sinxelos de carácter infantil identificando o sentido global do texto.	Iniciarse, con axuda, na lectura en voz alta.		
CA3.6 - Adquirir o hábito lector e o gusto pola lectura a través da lectura de textos axeitados ao nivel.	Desenvolver o gusto persoal e desfrute pola lectura.		
CA3.8 - Coñecer, de forma xeral e acompañada, a organización e funcionamento das bibliotecas de aula e de centro, amosando interese por formar unha pequena biblioteca propia.	Coñecer, de forma xeral e acompañada, a organización e funcionamento das bibliotecas de aula e de centro		
CA4.3 - Coñecer, de xeito guiado, o funcionamento da biblioteca de aula.	Coñecer, de xeito guiado, o funcionamento da biblioteca de aula.		
CA4.6 - Colaborar en comunidades lectoras de ámbito escolar a través de experiencias de lectura compartida.	Participar con a xuda en situacións de lectura compartida.		
CA5.2 - Compartir oralmente e de forma acompañada a experiencia da lectura e o seu gozo, participando en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Desenvolver o gusto persoal e desfrute pola lectura.		
CA5.3 - Apreciar o valor de textos literarios sinxelos (contos, lendas, fábulas, relatos) en calquera lingua como fonte de lecer e gozo persoal.	Desenvolver o gusto persoal e desfrute pola lectura.		
CA5.6 - escoitar e ler textos orais e escritos da literatura infantil, especialmente en lingua galega, que recollan diversidade de autores e autoras, establecendo de maneira acompañada relacións elementais entre eles e con outras manifestacións artísticas e culturais.	Escoitar e ler textos orais e escritos da literatura infantil.		
CA6.5 - Iniciar a adquisición de vocabulario a través dos textos.	Desenvolver a ampliación de vocabulario.		
CA6.5 - Iniciar a adquisición de vocabulario galego a través dos textos.	Iniciar a adquisición de vocabulario galego		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Valoración da diversidade da lingua na súa contorna. - Xéneros discursivos

Contidos

- Procesos: interacción oral
- Estratexias para o recoñecemento e interpretación de forma acompañada da información xeral de textos sinxelos adecuados á idade.
- Procesos: comprensión oral
- Audición, dramatización e reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen o seu interese e gustos.
- Contexto
- Estratexias para a planificación e produción de textos básicos axeitados á súa idade (normas, contos).
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a adquisición de destrezas elementais sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma).
- Procesos: comprensión lectora
- Lectura en voz alta con entoación e ritmo progresivamente adecuados ao nivel cognitivo.
- Elementos gráficos e paratextuais sinxelos que facilitan a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.
- Inicio no coñecemento básico respecto á organización e funcionamento das bibliotecas de aula e de centro e na creación dunha biblioteca propia e persoal.
- Procesos: produción escrita
- Adquisición progresiva da lectoescritura.
- Colaboración en comunidades lectoras escolares a través de experiencias lectoras compartidas.
- Lectura expresiva, dramatización ou interpretación de fragmentos sinxelos atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento.
- Lectura expresiva, dramatización ou interpretación de fragmentos sinxelos atendendo aos procesos de comprensión e ao nivel de desenvolvemento.
- Relación dos textos lidos da literatura infantil con outras manifestacións artísticas e culturais.
- Signos básicos de puntuación como mecanismo para organizar o texto escrito.
- Signos básicos de puntuación como mecanismo para organizar o texto escrito.

UD	Título da UD	Duración
10	A biografía	27

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios identificados a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos elementais, verbais e non verbais, que rexen a comunicación.	Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios identificados a partir da reflexión grupal .	TI	100
CA2.5 - Producir textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada e utilizando recursos non verbais elementais.	Producir texto orais sinxelos.		
CA3.5 - Empregar a lectura de textos infantís sinxelos para favorecer unha comunicación máis eficaz, aplicando os coñecementos básicos respecto do vocabulario e das regras de ortografía.	Participar en situacións de diálogo a través de textos infantís.		
CA3.6 - Adquirir o hábito lector e o gusto pola lectura a través da lectura de textos axeitados ao nivel.	Desenvolver o gusto persoal e de desfrute pola lectura.		
CA3.8 - Coñecer, de forma xeral e acompañada, a organización e funcionamento das bibliotecas de aula e de centro, amosando interese por formar unha pequena biblioteca propia.	Coñecer, de forma xeral e acompañada, a organización e funcionamento das bibliotecas de aula e de centro.		
CA3.9 - Construír, a través da linguaxe e de forma progresiva, un pensamento crítico non discriminatorio.	Desenvolver o pensamento crítico.		
CA4.1 - Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Identificar, con axuda, as ideas xerais de distintas tipoloxías textuais.		
CA4.3 - Coñecer, de xeito guiado, o funcionamento da biblioteca de aula.	Coñecer, de xeito guiado, o funcionamento da biblioteca de aula.		
CA5.2 - Compartir oralmente e de forma acompañada a experiencia da lectura e o seu gozo, participando en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Desenvolver o gusto persoal e de desfrute pola lectura.		
CA5.5 - Reproducir, de xeito acompañado e a partir de modelos dados, textos literarios sinxelos.	Reproducir con axuda diferentes tipos de textos curtos.		
CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.	Diferenciar a linguas cooficias que se traballan na escola.		
CA6.5 - Iniciar a adquisición de vocabulario galego a través dos textos.	Fomentar a ampliación de vocabulario en lingua galega.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Biografía lingüística persoal e da súa contorna. - Contexto - Procesos: interacción oral - Interacción oral adecuada en situacións de aula con respecto ás normas sociais, utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente

Contidos

- Procesos: comprensión oral
- Recoñecemento e valoración do contido de textos orais e multimodais sinxelos da información máis relevante e dos elementos básicos da comunicación non verbal.
- Contexto
- Estratexias para a planificación e produción de textos básicos axeitados á súa idade (normas, contos).
- Xéneros discursivos
- Procesos: comprensión lectora
- Lectura en voz alta con entoación e ritmo progresivamente adecuados ao nivel cognitivo.
- Estratexias básicas para adquisición de habilidades en procesos de comprensión de textos sinxelos.
- Inicio no coñecemento básico respecto á organización e funcionamento das bibliotecas de aula e de centro e na creación dunha biblioteca propia e persoal.
- Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónico.
- Procesos: produción escrita
- Adquisición progresiva da lectoescritura.
- Estratexias básicas para a comprensión ou produción de textos sinxelos de uso social.
- Produción de textos escritos básicos a partir dunha planificación guiada con coherencia e coidando a presentación, mobilizando, de maneira acompañada, estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, textualización e revisión.
- Estratexias básicas para o inicio guiado na procura da localización, selección e contraste de información sinxela e na comparación da información recollida de distintas fontes, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.
- Construción da identidade lectora a partir da lectura de textos de diversas fontes de información.
- Funcionamento elemental da biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.
- Funcionamento elemental da biblioteca da aula ou de centro como escenario de actividades literarias elementais compartidas.
- Estratexias para a interpretación acompañada e compartida de obras sinxelas a través de conversacións dirixidas.
- Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.
- Estratexias para a transformación guiada de palabras e enunciados entre distintas linguas da contorna escolar.
- Mecanismos básicos de cohesión e coherencia textual para producir textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Desenvolverase unha metodoloxía viva e activa. Os aspectos que vertebran a nosa filosofía educativa son os seguintes:

- Acompañamento emocional da infancia.
- Vínculo.
- Respecto polos ritmos individuais.

- Inclusión.
- Respecto polos procesos de aprendizaxe (vivenciación, manipulación, simbolización, abstracción e xeneralización).
- O movemento.
- Arte en todas as súas linguaxes.
- Tempos para dar resposta aos intereses individuais.
- Tempos para o xogo libre.
- Aprendizaxe competencial.
- Respecto.
- Igualdade.
- Ecoloxía e sostibilidade.
- Habilidades de pensamento que propicien actitudes críticas, coidadosas e creativas.
- Sentimento de grupo e aprendizaxe colaborativa.
- Contacto coa natureza.
- Diálogo.
- Escoita.
- Tempos de calidade.
- Calma e goce.
- Participación activa das nenas e dos nenos na vida da escola (dar voz a través de asembleas e Consello Escolar da Infancia).
- Normas e límites.

Agrupamentos:

Realizaranse distintos tipos de agrupamento: gran grupo, pequeno grupo e propostas individuais.

Nunha parte puntual do día, realizaranse agrupamentos interniveis, neste caso, entre o alumnado de 1º e 2º de educación primaria.

Círculo:

Espazo para saudarnos a primeira hora da mañá, para o encontro, recoñecernos e recoñecer ao grupo, ter presentes ás persoas ausentes, diálogo e escoita. No círculo desenvolveremos dinámicas, como, por exemplo, o emprego do calendario, pasar lista, asembleas, responsabilidades grupais, faladoiros, ... É importante destacar a flexibilidade deste momento ao longo do curso (retirar, evolucionar ou incorporar dinámicas).

Asembleas:

Estrutura democrática para a xestión do grupo e a toma de decisións.

O tempo de grupo:

Tempo no que todo o grupo, coa persoa titora, desenvolve unha serie de propostas relacionadas coas distintas áreas do currículo. Poderán levarse a cabo diferentes estruturas (tecidos de aula, obradoiros, ...), e agrupamentos (pequeno grupo, parellas ou individual).

Neste momento, o obxectivo é cada nena e cada neno afiance unha serie de procesos e adquira as técnicas necesarias para poder aplicalas noutro tipo de estruturas e aprendizaxes.

Os distintos tipos de aprendizaxe, estruturas e acompañamento que se desenvolven ao longo da xornada complementanse.

Procesos:

Tempo para o traballo en pequeno grupo ou en parellas no que se desenvolven distintas estruturas cun enfoque globalizador e competencial (caixas de aprendizaxe, pequenas investigacións, ...).

Contacto coa natureza:

Potenciaremos o contacto coa natureza e empregaremos a contorna próxima como espazo de aprendizaxe (a praza, a praia, o monte, o espazo exterior da escola, invernadoiro ¿).

O movemento:

O movemento estará presente ao longo da xornada a través de actividades vivenciais e activas, máis alá das sesións de Educación Física.

Aprender facendo:

Nestas etapas segue a ser importante e necesario tomar como punto de partida a vivenciación e a manipulación. Teremos en conta e respectaremos os seguintes procesos de aprendizaxe en todas as áreas: vivenciación,

manipulación (fases), simbolización, abstracción e xeneralización.

Linguaxe oral:

Ao longo de curso levaranse a cabo exposicións orais breves relacionadas con temáticas próximas e significativas para o alumnado.

Matemáticas:

Traballaremos as matemáticas desde un enfoque multidisciplinar. Tomaremos como punto de partida situacións problemáticas, próximas ás nenas e nenos, e favoreceremos a creación de estratexias persoais de resolución. Destacamos a importancia da aprendizaxe por descubrimento e, en relación á operatividade, o poder do cálculo mental.

Os nosos principios no acompañamento dos procesos matemáticos son:

- Vivenciación dos procesos.
- Construción das aprendizaxes.
- Partir de situacións problemáticas.
- Poder do cálculo mental.
- Interdisciplinariedade.
- Evolucionar do concreto ao abstracto.
- Favorecer e respectar as estratexias persoais.
- Argumentar.
- O poder da pregunta.

Respectaremos as seguintes fases:

- Vivenciación.
- Manipulación física.
- Manipulación física e simbolización lingüística.
- Simbolización lingüística.
- Manipulación física e simbolización gráfica.
- Simbolización gráfica.
- Simbolización matemática.
- Abstracción.
- Xeneralización.

Biblioteca escolar:

A biblioteca funcionará como un espazo de aprendizaxe e convivencia. Levaranse a cabo distintas dinámicas como investigacións, tempo de lectura, tertulias dialóxicas, radio. Un dos obxectivos para o presente curso escolar é ampliar os espazo de lectura no exterior.

Desenvolverase unha metodoloxía globalizadora e cunha aplicación práctica na realidade máis próxima ao alumnado. O mestre debe ser un guía da aprendizaxe, respectando as eleccións do alumnado cara a construción dos coñecemento propios, realizando propostas en base ao coñecemento do alumnado e respectando os ritmos individuais.

Usaranse metodoloxías combinadas que mellor se adapten a cada alumno e alumna: Montessori, Waldorf, OAOA... As necesidades e benestar do alumnado deben estar por diante dos métodos pedagóxicos.

Tamén marcaranse hábitos de traballo e rutinas, xa que o alumnado desta idade aínda necesita tempos fixos para poder organizarse.

En canto á organización dos espazos e recursos, todo o material co que se traballe estará a disposición do alumnado. Realizaranse propostas de traballo semanal, polo cal o alumnado terá que ir elexindo tarefa e realizando un rexistro para asegurarse de que realiza todas as propostas ao longo da semana.

Fomentarase a autonomía e a elección de actividade, planificando todo o que precisa para realizar a tarefa.

A utilización de material manipulativo precisa de unhas pautas de utilización, xa que non é material de xogo, polo que

é preciso realizar unha serie de consideracións metodolóxicas de cara a facer un bo uso do mesmo:

- Consensuar co alumnado normas de uso seguro e coidado do material.
- O material presentárase para a súa exploración propoñendo actividades libres, que favorecen o coñecemento paulatino das súas cualidades: tamaño, textura, cheiro...
- Esa experimentación libre permitirá facer conxecturas sobre o seu posible uso e utilidades.
- Posteriormente realizaranse actividades e xogos orientados a unha experimentación máis profunda encamiñada ao obxectivo do seu uso.
- Unha vez pasadas as fases anteriores, o material pode ser usado de xeito convencional co fin de xerar coñecemento no alumnado e favorecer a comprensión dos distintos conceptos matemáticos.

Con periodicidade realizaremos, en asemblea, autoavaliación, coavaliación e posta en común, onde trataremos aspectos como:

- Que aprendín?
- Que me resultou máis difícil e teño que mellorar?
- Como me sentín? Que foi o que máis me gustou?
- Como foi a relación coas miñas compañeiras e compañeiros?
- Realizamos ben a tarefa en equipo, organizámonos ben? ...
- Podo axudar? Deixo que me axuden?

É importante matizar que, aínda que esta programación só teña unha opción, no centro educativo non se traballa con unidades didácticas. En base ao currículo, realízanse tarefas, propostas estables, proxectos, caixas de investigación, traballo no exterior...

Como aspectos concretos e esenciais da área de linguas destacaríamos:

- Fomentar ao máximo a oralidade, creando espazo que propicien este aspecto. A oralidade é a base da lingua escrita e da comprensión.
- Para xerar un gusto pola lectura é necesario non partir da obriga. Nestes primeiros cursos é necesario ter en conta o momento madurativo de cada alumno e alumna.
- Ler habitualmente ao alumnado. O profesorado é un modelo lector, polo que os nenos e nenas deben escoitalo e percibir a emoción a través da lectura.
- Respetar os ritmos madurativos.
- Valorar a escrita, aínda que sexa non convencional, e desenvolver unha aprendizaxe sen erro.
- Ter en conta os intereses do alumnado no plantexamento de tarefas.

Na área de linguas traballase moito na liña constructivista da aprendizaxe, con distintas etapas que é necesario respectar. Como bases para o traballo nesta programación destacaremos:

-A globalización: pretendendo estimular o desenvolvemento de todas as capacidades, tanto físicas como afectivas, intelectuais e sociais dunha forma global, xa que calquera actividade realizada polos nenos e nenas pon en xogo mecanismos afectivos, psicomotores, comunicativos, cognitivos, somáticos, de imaxinación, de creatividade, de atención. Así pois, a perspectiva globalizadora do proxecto, a través do que chamamos situacións de aprendizaxe, interrelaciona as distintas áreas para organizar e articular os coñecementos con sentido e intencionalidade en contextos que permitan a súa significatividade, provocando a entrada en xogo de todos os mecanismos da personalidade do neno e nena.

- A aprendizaxe significativa: refírese á posibilidade de establecer vínculos substantivos entre o que hai que aprender (o novo contido) e o que sabe (os seus coñecementos previos). Todo novo coñecemento ten que partir das experiencias previas dos alumnos e alumnas. Para lograr estas aprendizaxes comezaremos cada Unidade didáctica cunha avaliación inicial, para saber os seus coñecementos previos e, sobre eles, construír os novos.

- Ensinanza individualizada: axustándose ás características e peculiaridades individuais de cada un dos nosos alumnos e alumnas. A atención individualizada considera as características e diferencias persoais pulando pola atención ás necesidades proporcionando atención personalizada favorecendo o principio de igualdade e equidade.

- A afectividade: a seguridade que lles da o sentirse queridos contribúe, dunha maneira moi positiva, á formación dunha imaxe axustada e positiva de sí mesmos. Propoñemos que a relación entre o profesorado e o alumnado se realice dentro dun ambiente democrático, con relacións de comprensión, amor, aceptación, confianza mutua e respecto.

-A socialización e a comunicación: creando situacións de aprendizaxe nas que atopen momentos para agruparse cos seus iguais, compartir o material e sentir o apoio dos «outros» que lle axudarán a socializarse e comunicarse.

Estas situacións de aprendizaxe apóianse, na maioría dos casos, no xogo por consideralo un elemento básico e primordial para o desenvolvemento da atención, a memoria, a linguaxe, a imaxinación, a personalidade e ser o recurso metodolóxico por excelencia no traballo cos nenos e nenas desta idade.

A través do xogo, coñece o comportamento dos adultos e as normas sociais. Tamén contribúe ao desenvolvemento da socialización e a comunicación as actividades propostas nos recunchos, obradoiros e saídas.

- A autonomía e autoxestión: sendo este o protagonista das súas propias aprendizaxes considerando como importante o proceso e non só o resultado.

- Aprendizaxe colaborativa: favorecendo os encontros co grupo e a sociedade nun pulo pola convivencia, a paz e a inclusión.

- A manipulación: considerando o traballo manipulativo determinante para a o correcto paso entre os conceptos concretos e os abstractos e fundamental para vencellar as aprendizaxes curriculares coa realidade. Favorecerase en todo caso que o material cumpra o requisito de ser accesible.

- A liberdade e a creatividade: que favorecen os coñecementos potencialmente significativos e funcionais, potencian a autonomía e a produción persoal.

- A coeducación: considerando a actividade de todo xénero en detrimento de actividades asignadas ao xénero e en prol da ruptura de estereotipos.

- A metodoloxía activa: entendéndoa como un conxunto de estratexias didácticas que permiten e estimulan ao alumnado a participar realmente como suxeitos da súa propia aprendizaxe. O alumno/a é o verdadeiro/a protagonista do proceso de ensinanza-aprendizaxe, e o noso obxectivo fundamental é manter activa a súa mente a través das situacións de aprendizaxe, tratando de facerlle analizar e observar, á vez que criticar, as diferentes situacións que se lle presentan.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Diversos útiles de escrita: rotuladores de cores, rotuladores brillantes, bolígrafos de xel de cores, lápices, lápices de cores...
Pizarras pequenas e rotuladores.
Material manipulativo Montessori: caixa de ordes, letras móbiles, símbolos gramaticais, resques metálicos...
Material manipulativo de lectura con tarxetas.
Xogos relacionados coas linguas: aforcado, letra a letra, quen é quen ...
Material funxible variado: folios, folios de cores, pegamentos, letras móbiles, gomas de borrar, afialápices, pauta Montessori...
Láminas con letras e palabras: pósters, abecedarios grandes e manuais, libros visuais con palabras...
Biblioteca de aula con libros adaptados ao nivel.

- Recursos persoais: no centro realízase de xeito habitual o apoio na aula por parte do profesorado con dispoñibilidade horaria, polo que moito momentos da xornada escolar hai presentes dous mestres dentro das aulas.

- Recursos materiais: cobra gran importancia o material manipulativo en todas as áreas, así como material funxible

para a realización dos traballos finais do alumnado (maquetas, lapbooks, composicións...).

- Recursos espaciais: todos os espazos do centro son considerados espazos de aprendizaxe. Nos momentos en que a climatoloxía o permita, realizaranse clases no exterior, pero tamén na biblioteca, corredores, radio escolar...
- Recursos tecnolóxicos: nos primeiros cursos non se utilizan con frecuencia os recursos tecnolóxicos, máis que para actividades moi concretas. Intentase fomentar unha aprendizaxe vivencial, experimental e en movemento. De todas formas, realízase algunha actividade puntual co proxeutor e coas tablets.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo do curso e durante o primeiro mes escolar, realizarase unha avaliación inicial coa finalidade de adecuar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria no seu proceso de aprendizaxe, incidindo na obtención de información sobre o grao de desenvolvemento das competencias clave.

Esta avaliación incluírá:

- Análise dos informes persoais anteriores.
- Información obtida das familias e do profesorado.
- Observación directa do alumnado.

A avaliación inicial será o punto de referencia para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo nas programacións de aula, así como para adoptar aquelas medidas de apoio ou reforzo que consideren oportunas para cada alumna ou alumno.

Realizarase un repaso do curso anterior con actividades que nos darán a información necesaria sobre os coñecementos previos e así elaborar a programación tendo en conta os obxectivos mínimos.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	10	10	10	10	10	10	10	10
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100

Unidade didáctica	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	100
Táboa de indicadores	100

Criterios de cualificación:

A avaliación será de carácter continuo na maior parte das materias (Linguas, Matemáticas, Proxecto Competencial e Plástica), polo que a cualificación ordinaria de final de curso será correspondente á nota numérica da 3ª avaliación. Nas materias relativas a Procesos (Cc. Ss. e Cc. Nn.) a cualificación ordinaria será unha media aritmética entre as tres avaliacións.

Para levar a cualificación utilizaremos rúbricas, producións do alumnado, investigacións, rexistros anecdóticos, listaxes de observación, portfolio e caderno de aula.

As porcentaxes de peso para a nota numérica serán:

1º TRIMESTRE:

- Producións: 60%
- Expresión oral
- Expresión escrita
- Expresión artística
- Expresión vivencial
- Comprensión oral
- Comprensión escrita
- Traballo en Equipo: 40%

2º TRIMESTRE:

- Producións: 70%
- Expresión oral
- Expresión escrita
- Expresión artística
- Expresión vivencial
- Comprensión oral
- Comprensión escrita
- Traballo en Equipo: 30%

3º TRIMESTRE:

- Producións: 80%
- Expresión oral
- Expresión escrita
- Expresión artística
- Expresión vivencial
- Comprensión oral
- Comprensión escrita
- Traballo en Equipo: 20%

EO: Exposicións, explicacións dos propios procesos na realización de tarefas, argumentacións, debates...

EE: Distintas tarefas escritas.

CO: Audiocontos, xogos de palabras, consignas orais...

CE: Gusto pola lectura, seguimento de textos instructivos, comprensión de enunciados e plans de traballo, receitas, resolución de problemas...

TE: Relación dentro do grupo, axuda aos demais, organización, seguimento de normas, actitude ante as tarefas...

Criterios de recuperación:

Un elemento base da metodoloxía que usamos no centro é o respecto do ritmo madurativo de cada nena e neno. O alumnado necesita tempo para poder amosar o seu propio ritmo de aprendizaxe, sobre todo nestas primeiras etapas educativas.

Facendo un acompañamento ao alumnado no proceso de elaboración e adquisición dos contidos, iranse observando dificultades e reconducindo situacións, fomentando que os nenas e nenos cheguen a conclusións propias, construíndo a súas aprendizaxes.

6. Medidas de atención á diversidade

Para dar resposta ás distintas necesidades do alumnado, aplicaranse as estratexias que mellor se adapten a cada situación individual:

- Realizaranse os reforzos nalgunha área onde presenten algunha dificultade (escritura, lectura, comprensión, expresión oral, conceptos novos, cálculo,...).
- Propor actividades variadas con distintos niveis de dificultade, estimulantes e motivadoras.
- Aumentar as expectativas de éxito con actividades que poidan realizar, xa que o éxito ten un factor motivador para a aprendizaxe.
- Adaptar as actividades e o ritmo de aprendizaxe ao seu nivel .
- Utilizar espazos que nos permitan realizar un itinerario personalizado e variado para proporcionar axuda continuamente.
- Axuda entre iguais.
- Planificar actividades de afondamento, é dicir, cun nivel maior de complexidade con respecto ás dos seus compañeiros/as.
- Colaboración estreita coas familias para o intercambio de información.
- Flexibilizar os tempos das tarefas.

Tamén se leva a cabo de xeito habitual apoio por parte do profesorado con dispoñibilidade horaria como unha medida ordinaria.

Neste sentido, estes serán os principios a seguir:

- Respecto aos ritmos de aprendizaxe.
- Organización de espazos diversos que se adapten ás necesidades evolutivas do alumnado.
- Fomento da elección libre en función dos seus intereses.
- Buscar a motivación de cada alumno/a.
- Flexibilidade de avaliación aos ritmos do alumnado.
- Uso de material diverso, lúdico (ABX) e manipulativo.
- Traballo cooperativo ou colaborativo e axuda mutua.

Para atender á diversidade optamos por un modelo inclusivo, o Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA), permitirá a posibilidade de flexibilizar o currículo xeral e convertelo en real e adaptado ás características da aula (flexibilización que abrangue flexibilidade e variedade en obxectivos, métodos, materiais e avaliación). A pretensión é eliminar os atrancos físicos, sensoriais, afectivos e cognitivos para o acceso, aprendizaxe e participación que poida amosar o alumnado na área.

Como non todo o alumnado procesa a información de igual xeito optárase por unha presentación con formatos e soportes diferentes que se acomoden ás diferentes percepcións (visual, auditiva, táctil...), comprensións, niveis de abstracción, monitoreo do progreso, intereses e tipos de linguaxe.

Tamén, neste mesmo senso, favoreceranse diversas maneiras de expresar o aprendido, as diferente linguaxes, serán elementos fundamentais a ter en conta xunto con estratexias diversificadas para as funcións executivas.

Durante este curso realizarase na escola un PFPP, cun dos itinerarios de formación específico de DUA.

Como medidas extraordinarias do currículo, se contemplan as Adaptacións Curriculares Individualizadas (ACI) e o apoio dos especialistas de Pedagogía Terapéutica (PT) ou/e de Audición e Linguaxe (AL).

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Competencia dixital		X				X		X
ET.4 - Espírito científico e fomento da creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Igualdade entre mulleres e homes	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación emocional e para a paz	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Promoción de estilos de vida saudables	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X
ET.3 - Competencia dixital		X
ET.4 - Espírito científico e fomento da creatividade	X	X
ET.5 - Igualdade entre mulleres e homes	X	X
ET.6 - Educación emocional e para a paz	X	X
ET.7 - Promoción de estilos de vida saudables	X	X

Observacións:

As tarefas, secuencias estables, proxectos, investigacións e actividades varias que se propoñen cos bloques de contidos recollen temas que contextualizan a área coa vida cotiá, o que facilita a abordaxe dos elementos transversais. Aproveitaranse tamén as propostas de celebracións e efemérides para ser o eixo central de actividades, incluíndo os contidos curriculares nas mesmas.

Por outro lado, moitos dos instrumentos de avaliación foron seleccionados para amosar a adquisición da competencia lingüística, implicando directamente a outras competencias, xa que a liña da escola se basea nunha aprendizaxe globalizada.

Prácticamente todos os temas transversais están presentes en todas as tarefas e actividades.

- A educación emocional e educación para a paz é o eixo e a base para xerar un clima axeitado na aula e no centro. É un tema tratado a diario coma prioritario. Baseámonos na aplicación de CNV (comunicación non violenta), que fomenta o autoconhecimento, traballo interior e autorregulación como primeiros pasos para a empatía e a comprensión dos demais.

- O enfoque de xénero que se formula nesta programación, así como a proposta de traballo en equipos heteroxéneos, mixtos e diversos implica que a igualdade entre mulleres e homes estea presente no día a día da aula.

- Por outro lado, todas as materias conlevan traballo da comprensión lectora e de expresión oral e escrita, polo que son tratados en todas as unidades.

- Por último, empregaranse o fomento da creatividade para a creación e resolución de retos e tarefas abertas, e o espírito científico para fomentar a elaboración de ideas e extratexias propias, potenciando a comprensión.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Talleres de cociña	Realizaranse de xeito habitual ao longo do curso			
Saída ao supermercado	Esta saída estará relacionada con varias actividades: horto escolar, hábitos de vida saudables, coñecemento da contorna, lectura de carteis, organización, orde e estruturación...			
Asistencia a obras de teatro, concertos...	Propostas polo equipos do centro ou pola ANPA.			
Visitas a museos e exposicións	Origrami, espectáculos de maxia, museo de Historia Natural...			
Charlas, obradoiros e formacións con distintas temática	Relacionadas cos contidos a traballar: convivencia, profesións, horto escolar, hábitos saudables...			
Excursión de final de curso	Casa das Ciencias e Planetario			

Observacións:

As actividades máis concretas estarán suxeitas ao desenvolvemento das actividades ao longo do curso e á oferta dispoñible.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Grao de consecución dos obxectivos.

Adecuación das actividades propostas ao alumnado.
Motivación do alumnado ante as tarefas programadas.
Porcentaxe de diminución de conflitos ao longo do curso.
Temporalización axeitada das actividades.
Emprego de instrumentos de avaliación adaptados á diversidade.
Adecuación e suficiencia dos recursos empregados.

Descrición:

A avaliación da práctica docente estará baseada no seguemento dos indicadores.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación é un elemento flexible, que debe adecuarse á realidade do alumnado, polo que se introducirán melloras ao longo da súa posta en práctica.

O seguimento da programación de xeito habitual para poder adaptarse ás situacións que xurdan, así coma a realidade do grupo- clase e da escola.

Para esta avaliación haberá que ter en conta varios aspectos nos que se fundamentarán os indicadores de logro:

- Responder as características do alumnado da aula.
- Resultar útil para o uso docente na aula.
- Seguimento da temporalización.
- Consecución dos niveis mínimos de logro dos contidos de aprendizaxe traballados.
- Prever mecanismos de repaso, ampliación e reforzo.
- Modificarse en función das necesidades de docencia ou aprendizaxe sen perder coherencia.
- Presentar unha coherencia gradual lóxica dos obxectivos, contidos, criterios de avaliación ao longo do seu desenvolvemento.
- Dispoñer de mecanismos de revisión e de mellora.
- Realizar revisións periodicamente.
- Responder aos centros de interese do alumnado do grupo.
- Establecer relacións coas actividades extraescolares e complementarias.

A revisión realizarase de forma continuada durante as tarefas propostas (para poder adaptala de forma rápida e efectiva ás situacións que xurdan) e tamén nas avaliacións ao final de cada trimestre, para poder reorientar o modelo e planificar con efectividade.

Realizaranse rexistros de autoavaliación co alumnado para coñecer as súas impresións e adaptarnos ás súas necesidades.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013059	CEIP de Viñagrande-Deiro	Vilanova de Arousa	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Matemáticas	1º Pri.	5	175

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	16
4.2. Materiais e recursos didácticos	19
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	20
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	20
6. Medidas de atención á diversidade	22
7.1. Concreción dos elementos transversais	22
7.2. Actividades complementarias	23
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	24
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	24
9. Outros apartados	25

1. Introducción

Esta programación levarase a cabo no 1º nivel de Educación Primaria. O grupo está formado por 13 nenas e nenos que se atopan nunha etapa de transición entre a preoperatoria e a operatoria, período no cal prodúcense moitos cambios a nivel físico, emocional e relacional.

- Comezan a distinguir a fantasía da realidade.
- Amplíase o vocabulario.
- Comeza o desenvolvemento do pensamento abstracto a través das relacións co concreto (vivenciación e manipulación).
- Desenvólvese o pensamento moral (comezan a determinar o que consideran bo ou malo) e o sentido da xustiza.
- Desenvólvese a empatía conectando o sentir co pensamento (autorreflexión).
- Necesidade de experimentar o grupo e de establecer regras (de xogos, de situacións sociais).
- Comeza un proceso de independencia.
- Paso a unha maior autonomía persoal.
- Necesidade de tomar decisións propias.

Tendo en conta que cada persoa é única, ademais das características globais da etapa teremos en conta as necesidades individuais.

O enfoque das matemáticas nesta escola non é tradicional, non dispoñemos de libros de texto. Baseamos a aprendizaxe das matemáticas en:

- Unha aprendizaxe vivencial, con actividades que permitan experimentar co propio corpo.
- Utilización de materiais manipulativos: policubos, regretas, vasos de capacidade, materiais de medidas, mosaicos, táboas numéricas, liñas numéricas, perlas Montessori, táboas de suma e de resta... A importancia do uso dos materiais manipulativos é máxima, xa que o pensamento do alumnado vai evolucionando desde o concreto cara a abstracción.
- Enfoque lúdico: utilizando diversos xogos regrados que reforcen a numeración, o razoamento, a lóxica..., xogos orais, acertixos, problemas diversos (abertos, pechados, de representación...).
- Respecto ao ritmo madurativo do alumnado: a maduración cognitiva dos nenos e nenas a esta idade é diversa, por este motivo é importante respectar se están preparados ou non para as aprendizaxes e darlles o tempo necesario para poder entendelas e executalas.
- Verbalización e/ou explicación de execución e resolución de tarefas. Consideramos imprescindible que o alumnado desenvolva a capacidade de expresión das propias estratexias, como parte da evolución cara á metacognición.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Interpretar situacións da vida cotiá proporcionando unha representación matemática destas mediante conceptos, ferramentas e estratexias, para analizar a información máis relevante.			1-2-4	2	5		1-3	4
OBX2 - Resolver situacións problematizadas, aplicando diferentes técnicas, estratexias e formas de razoamento, para explorar distintas maneiras de proceder, obter solucións e asegurar a súa validez desde un punto de vista formal e en relación co contexto exposto.			1-2		4-5		3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Explorar, formular e comprobar conxecturas sinxelas ou formular problemas de tipo matemático en situacións baseadas na vida cotiá, de forma guiada, recoñecendo o valor do razoamento e a argumentación, para contrastar a súa validez, adquirir e integrar novo coñecemento.	1		1-2	1-3-5			3	
OBX4 - Utilizar o pensamento computacional, organizando datos, descompoñendo en partes, recoñecendo patróns, xeneralizando e interpretando, modificando e creando algoritmos de forma guiada, para modelizar e automatizar situacións da vida cotiá.			1-2-3	1-3-5			3	
OBX5 - Recoñecer e utilizar conexións entre as diferentes ideas matemáticas, así como identificar as matemáticas noutras áreas ou na vida cotiá, interrelacionando conceptos e procedementos, para interpretar situacións e contextos diversos.			1-3	3-5		4		1
OBX6 - Comunicar e representar, de forma individual e colectiva, conceptos, procedementos e resultados matemáticos, utilizando a linguaxe oral, escrito, gráfico, multimodal e a terminoloxía matemática apropiados, para dar significado e permanencia ás ideas matemáticas.	1-3		2-4	1-5			3	4
OBX7 - Desenvolver destrezas persoais que axuden a identificar e xestionar emocións ao enfrontarse a retos matemáticos, fomentando a confianza nas propias posibilidades, aceptando o erro como parte do proceso de aprendizaxe e adaptándose ás situacións de incerteza, para mellorar a perseveranza e gozar na aprendizaxe das matemáticas.			5		1-4-5		2-3	
OBX8 - Desenvolver destrezas sociais, recoñecendo e respectando as emocións, as experiencias das e dos demais e o valor da diversidade, participando activamente en equipos de traballo heteroxéneos, mixtos e diversos con roles asignados, para construír unha identidade positiva como estudante de matemáticas, fomentar o benestar persoal e crear relacións saudables.	5	3	3		1-3	2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	NUMERACIÓN	Aínda que este programa non o permita, matizar que no centro escolar non se traballa con Unidades Didácticas. Os contidos do currículo son presentados mediante tarefas, plans de traballo, secuencias estables, pequenos proxectos e investigacións, experimentos, xogos... A programación que realizaremos estará adaptada o máximo posible á nosa realidade de traballo.	20	35	X	X	
2	CÁLCULO E OPERATIVIDADE	Na medida do posible realizaranse actividades relacionadas con situacións reais que vaia experimentar o alumnado. Para cálculo e operatividade seguimos a metodoloxía OAOA, aínda que tamén se usan materiais de outras metodoloxías. Algunhas actividades planificadas: - Cálculos dos prezos das excursións. - Xogo da cidade (supermercado, cines, tendas...). - Propostas OAOA.	20	35	X	X	X
3	LÓXICA E PROBLEMAS	Neste 1º curso traballarase a lóxica con diversos materiais, partindo sempre da vivenciación e a manipulación. Os problemas traballaranse de xeito oral. Comezase con problemas escritos cando o alumnado adquira competencia lectora, favorecendo resolucións propias e creativas. A resolución dos mesmos poderá ser de xeito manipulativo, simbólico mediante representación e debuxos e/ou mediante operacións aritméticas.	20	35	X	X	X
4	MEDIDAS	As diferentes medidas e magnitudes traballaranse ao longo do curso, pero sobre todo a partires do 2º trimestre, realizando actividades diversas: - Talleres de cociña. - Experimentos. - Estimacións e medidas no exterior. - Horto escolar. - Traballo sobre mapas e planos de lugares coñecidos. - Papiroflexia. - Cálculo de distancias na escola e na contorna próxima. - Xogo do supermercado. - Visitas e excursións, cálculo de prezos...	15	25		X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	SENTIDO ESPACIAL E XEOMETRÍA	<p>O movemento é un eixo fundamental na nosa escola, sobre todo durante as primeiras idades. Neste curso de 1º realizaranse diversos exercicios que permiten afianzar a base das distintas aprendizaxes:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Lateralidade - Conceptos espaciais - Movementos de desenvolvemento - Seguemento de rutas marcadas - Realización de planos da escola e contorna. - Papiroflexia. <p>A xeometría traballarase en relación aos obxectos da contorna do alumnado e con materiais manipulativos da metodoloxía Montessori.</p>	15	25		X	X
6	ESTADÍSTICA	<p>Esta proposta levarase a cabo como unha secuencia estable de tipo diario. Cada día o alumnado rexistrará o tempo metereolóxico nun calendario e, ao final de cada mes, realizarán unha gráfica.</p> <p>Tamén, e de maneira máis puntual, plantexaranse actividades vivenciais e tarefas de interpretación de gráficas que reforcen este contido.</p>	10	20	X	X	

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	NUMERACIÓN	35

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Participar no traballo en equipo gardando quendas e respectando as propostas das compañeiras e dos compañeiros.	TI	100
CA1.2 - Comprender as preguntas expostas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, recoñecendo a información contida en problemas da vida cotiá.	Identificar a información xeral contida en problemas da vida cotiá próxima ao alumnado.		
CA1.3 - Proporcionar exemplos de representacións de situacións problematizadas sinxelas con recursos manipulativos e gráficos que axuden na resolución dun problema da vida cotiá.	Representar con materiais manipulativos ou con imaxes problemas sinxelos para resolvelos máis facilmente.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Realizar conxecturas sinxelas relacionadas con situacións matemáticas con axuda de preguntas.		
CA1.7 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Recoñecer números, figuras, medidas, operacións e posicións na arte, no deporte, na natureza,..		
CA1.8 - Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Indicar a través da linguaxe oral, xestual, gráfica ou simbólica os pasos seguidos para resolver un problema ou os resultados obtidos.		
CA6.1 - Recoñecer as emocións básicas propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario.	Recoñecer as emocións básicas propias ao abordar novos retos matemáticos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cálculo - Estratexias de cálculo e reconto a partir da vivencia, manipulación e representación en situacións cotiás con cantidades ata o 99 con explicación dos procesos. - Cantidade - Estimación razoada de cantidades ata o 99 en problemas cotiás con estratexias variadas, descrición da idoneidade das solucións e aceptación do erro como parte do proceso de mellora. - Composición, descomposición e equivalencias entre os números dunha cifra para descubrir propiedades e relacións entre cantidades. Explicación do proceso. - Identificación, lectura, escritura e representación en recta numérica, ábaco, regras con obxectos cotiás de números naturais ata o 99. - Representación dunha mesma cantidade de distintas formas (manipulativa, gráfica ou numérica) e elección da representación adecuada para cada situación, reto ou problema da vida cotiá. - Sentido das operacións. - Relacións - Sistema de numeración de base dez para a súa aplicación na comprensión do valor posicional das cifras dos números (ata o 99) e a súa aplicación nas operacións de suma e resta. - Comparación e ordenación de números cardinais (ata o 99) e ordinais (ata o 5º) como solución de problemas de situacións cotiás. - Educación financeira - Situacións de compra e venda en xogos en equipo e nas que se utilicen diferentes combinacións de moedas e billetes do sistema monetario da UE. - Crenzas, actitudes e emocións - Os xogos matemáticos individuais en formato dixital, impreso e manipulativo como adestramento da perseveranza, confianza nas propias posibilidades e a superación persoal. - Traballo en equipos heteroxéneos, mixtos e diversos: inclusión, respecto e diversidade - Identificación no propio traballo en equipo de actitudes inclusivas e non discriminatorias durante a realización das tarefas matemáticas. - Os equipos colaborativos e cooperativos: responsabilidade individual, interdependencia positiva, repartición

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - equitativa e rotatoria de roles, respecto polas contribucións de todas as persoas membros do equipo. - Estratexias guiadas de organización do traballo en equipo para xestionar o tempo e a realización das tarefas. - Recoñecemento de mulleres e homes no ámbito matemático ao longo da historia como mecanismo de construción dunha identidade positiva propia.

UD	Título da UD	Duración
2	CÁLCULO E OPERATIVIDADE	35

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Proporcionar exemplos de representacións de situacións problematizadas sinxelas con recursos manipulativos e gráficos que axuden na resolución dun problema da vida cotiá.	Resolver problemas de xeito manipulativo ou gráfico	TI	100
CA4.1 - Recoñecer as emocións básicas propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario.	Indicar cales poden ser as emocións ante retos e dificultades.		
CA4.2 - Proporcionar exemplos de representacións de situacións problematizadas sinxelas con recursos manipulativos e gráficos que axuden na resolución dun problema da vida cotiá.	Representar con materiais manipulativos ou con imaxes problemas sinxelos para resolvelos máis facilmente.		
CA4.3 - Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.	Empregar estratexias de representación e cálculo básico na resolución de problemas.		
CA4.4 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	Resolver problemas aplicando os procesos de interpretación da situación, determinación de datos, plan de acción e comprobación de resultados.		
CA4.5 - Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Realizar conxecturas sinxelas relacionadas con situacións matemáticas con axuda de preguntas.		
CA4.6 - Describir rutinas e actividades sinxelas da vida cotiá que se realicen paso a paso, utilizando principios básicos do pensamento computacional de forma guiada.	Indica con esquemas ou secuencias os pasos dunha rutina ou tarefa.		
CA4.7 - Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Identificar relacións entre diferentes sentidos matemáticos con axuda de apoios orais (preguntas) ou iconográficos.		
CA4.8 - Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Indicar a través da linguaxe oral, xestual, gráfica ou simbólica os pasos seguidos para resolver un problema ou os resultados obtidos.		
CA6.8 - Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Explicar de xeito sinxelo procesos propios de resolución.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Sentido das operacións. - Estratexias de cálculo mental de sumas e restas con números naturais ata o 99 en contextos significativos, explicación oral das estratexias seguidas e valoración do erro como parte da aprendizaxe. - Resolución de problemas da vida cotiá de forma individual e en equipo que impliquen a comprensión da utilidade das sumas e restas e o uso de forma guiada dos procesos adecuados. - Procesos para a resolución de problemas: interpretación e representación da situación, determinación de datos útiles, hipóteses de resolución, contraste de puntos de vista, realización de operacións, verificación e idoneidade do resultado e explicitación do proceso seguido. - Relacións - Estratexias manipulativas e gráficas para relacionar as operacións de suma e resta aplicadas a contextos cotiáns de forma guiada. - Educación financeira - Situacións de compra e venda en xogos en equipo e nas que se utilicen diferentes combinacións de moedas e billetes do sistema monetario da UE. - Relacións e funcións - Expresión de relacións de igualdade e desigualdade entre obxectos, números e operacións no contexto cotián e a súa translación á linguaxe matemática cos signos = e ?. - Obtención dun dato descoñecido en relacións de igualdade sinxelas e en retos matemáticos, con comprobación de que o resultado obtido é correcto. - Pensamento computacional - Interpretación de algoritmos sinxelos en situacións cotiás (rutinas diarias, instrucións por pasos ou fases ordenadas) con emprego de estratexias básicas guiadas. - Crenzas, actitudes e emocións - Os xogos matemáticos individuais en formato dixital, impreso e manipulativo como adestramento da perseveranza, confianza nas propias posibilidades e a superación persoal. - Traballo en equipos heteroxéneos, mixtos e diversos: inclusión, respecto e diversidade - Identificación no propio traballo en equipo de actitudes inclusivas e non discriminatorias durante a realización das tarefas matemáticas. - Os equipos colaborativos e cooperativos: responsabilidade individual, interdependencia positiva, repartición equitativa e rotatoria de roles, respecto polas contribucións de todas as persoas membros do equipo. - Estratexias guiadas de organización do traballo en equipo para xestionar o tempo e a realización das tarefas. - Recoñecemento de mulleres e homes no ámbito matemático ao longo da historia como mecanismo de construción dunha identidade positiva propia.

UD	Título da UD	Duración
3	LÓXICA E PROBLEMAS	35

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.	Desenvolver estratexias propias na resolución de problemas.	TI	100
CA1.5 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	Desenvolver estratexias propias na resolución de problemas.		
CA2.2 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	Resolver problemas aplicando os procesos de interpretación da situación, determinación de datos, plan de acción e comprobación de resultados.		
CA2.3 - Describir verbalmente a idoneidade das solucións dun problema a partir das preguntas previamente expostas.	Identificar entre varias a solución adecuada a un problema.		
CA2.4 - Dar exemplos de problemas a partir de situacións cotiás que se resoven matematicamente.	Formular problemas, de maneira guiada, relacionados co cotiá.		
CA3.2 - Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Realizar conxecturas sinxelas relacionadas con situacións matemáticas con axuda de preguntas.		
CA4.2 - Proporcionar exemplos de representacións de situacións problematizadas sinxelas con recursos manipulativos e gráficos que axuden na resolución dun problema da vida cotiá.	Representar con materiais manipulativos ou con imaxes problemas sinxelos para resolvelos máis facilmente.		
CA4.3 - Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.	Empregar estratexias de representación e cálculo básico na resolución de problemas.		
CA4.4 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	Resolver problemas aplicando os procesos de interpretación da situación, determinación de datos, plan de acción e comprobación de resultados.		
CA5.3 - Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.	Desenvolver estratexias propias na resolución de problemas.		
CA5.4 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	Desenvolver estratexias propias na resolución de problemas.		
CA6.1 - Recoñecer as emocións básicas propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario.	Indicar cales poden ser as emocións ante retos e dificultades.		
CA6.2 - Expresar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Amosar actitudes positivas ante os retos matemáticos e non frustrarse ante o erro.		
CA6.3 - Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Participar no traballo en equipo gardando quendas e respectando as propostas das compañeiras e dos compañeiros.		
CA6.4 - Aceptar a tarefa e o rol asignados no traballo en equipo, cumprindo coas responsabilidades individuais e contribuíndo á consecución dos obxectivos do grupo.	Aceptar a tarefa e o rol que lle corresponda no equipo adoptando un comportamento responsable		
CA6.5 - Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Realizar conxecturas sinxelas relacionadas con situacións matemáticas con axuda de preguntas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.6 - Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Identificar relacións entre diferentes sentidos matemáticos con axuda de apoios orais (preguntas) ou iconográficos.		
CA6.7 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Recoñecer números, figuras, medidas, operacións e posicións na arte, no deporte, na natureza,..		
CA6.8 - Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Indicar a través da linguaxe oral, xestual, gráfica ou simbólica os pasos seguidos para resolver un problema ou os resultados obtidos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Sentido das operacións. - Resolución de problemas da vida cotiá de forma individual e en equipo que impliquen a comprensión da utilidade das sumas e restas e o uso de forma guiada dos procesos adecuados. - Procesos para a resolución de problemas: interpretación e representación da situación, determinación de datos útiles, hipóteses de resolución, contraste de puntos de vista, realización de operacións, verificación e idoneidade do resultado e explicitación do proceso seguido. - Educación financeira - Situacións de compra e venda en xogos en equipo e nas que se utilicen diferentes combinacións de moedas e billetes do sistema monetario da UE. - Estimación e relacións - Resolución de problemas cotiáns que requiran estratexias de comparación directa e ordenación de medidas da mesma magnitude. Explicación oral do proceso seguido e da estratexia usada. - Localización e sistemas de representación - Descrición de posicións e movementos de obxectos e persoas no espazo con relación a un mesmo ou a puntos de referencia co vocabulario adecuado (arriba, abaixo, diante, detrás, preto, lonxe, á beira). Interpretación de mensaxes que conteñan esa información espacial con contraste en equipo dos datos e emprego do xogo como recurso. - Patróns - Estratexias guiadas para a identificación das regularidades nunha colección de números, figuras ou imaxes en situacións cotiás. - Modelo matemático - Modelización guiada do proceso de resolución de problemas da vida cotiá con debuxos, esquemas, diagramas, material manipulativo e dramatizacións. - Organización e análise de datos - Reconto de datos da vida cotiá (temporais, meteorolóxicos, persoais e escolares) para representar manipulativa e graficamente o resultado, mediante recursos variados como obxectos cotiáns, imaxes, regras, policubos, encaixables, bloques, pezas de construción. - Incerteza - Distinción entre un suceso posible e imposible nun ámbito lúdico e cotián. - Crenzas, actitudes e emocións

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Clasificación e organización de imaxes de emocións como instrumento para identificar e recoller as emocións da aula ante as matemáticas. - Comprensión das emocións e técnicas de xestión a través de relatos de manexo de diversas situacións emocionais relacionadas coas matemáticas. - Os xogos matemáticos individuais en formato dixital, impreso e manipulativo como adestramento da perseveranza, confianza nas propias posibilidades e a superación persoal. - Os enigmas, adiviñas e retos matemáticos para incrementar a creatividade, curiosidade e gusto polas matemáticas. - Traballo en equipos heteroxéneos, mixtos e diversos: inclusión, respecto e diversidade - Identificación no propio traballo en equipo de actitudes inclusivas e non discriminatorias durante a realización das tarefas matemáticas. - Os equipos colaborativos e cooperativos: responsabilidade individual, interdependencia positiva, repartición equitativa e rotatoria de roles, respecto polas contribucións de todas as persoas membros do equipo. - Estratexias guiadas de organización do traballo en equipo para xestionar o tempo e a realización das tarefas. - Recoñecemento de mulleres e homes no ámbito matemático ao longo da historia como mecanismo de construción dunha identidade positiva propia.

UD	Título da UD	Duración
4	MEDIDAS	25

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Aceptar a tarefa e rol asignado no traballo en equipo, cumprindo coas responsabilidades individuais e contribuíndo á consecución dos obxectivos do grupo.	Aceptar a tarefa e o rol que lle corresponda no equipo adoptando un comportamento responsable.	TI	100
CA2.2 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	Resolver problemas aplicando os procesos de interpretación da situación, determinación de datos, plan de acción e comprobación de resultados.		
CA2.3 - Describir verbalmente a idoneidade das solucións dun problema a partir das preguntas previamente expostas.	Identificar entre varias a solución adecuada a un problema.		
CA2.4 - Dar exemplos de problemas a partir de situacións cotiás que se resollen matematicamente.	Formular problemas, de maneira guiada, relacionados co cotiá.		
CA2.5 - Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Identificar relacións entre diferentes sentidos matemáticos con axuda de apoios orais (preguntas) ou iconográficos.		
CA2.6 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Recoñecer números, figuras, medidas, operacións e posicións na arte, no deporte, na natureza,..		
CA2.7 - Recoñecer linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá, adquirindo un vocabulario específico básico.	Recoñecer linguaxe referida a números, figuras, medidas, operacións e posicións na vida cotiá.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.8 - Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Indicar a través da linguaxe oral, xestual, gráfica ou simbólica os pasos seguidos para resolver un problema ou os resultados obtidos.		
CA6.5 - Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Realizar, con axuda, conxecturas sinxelas sobre elementos matemáticos.		
CA6.6 - Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Realizar, con axuda, conxecturas sinxelas sobre elementos matemáticos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Magnitude - Identificación e exemplificación de características mensurables dos obxectos (lonxitude, masa, capacidade), distancias e tempos mediante a observación da realidade próxima. - Identificación de unidades non convencionais (palmo, pé, paso, cullerada, puñado, chisco) presentes no seu contexto próximo. - Identificación de unidades convencionais (metro, centímetro, quilogramo, gramo, litro) presentes no seu contexto vivencial. - Identificación, ordenación e clasificación das unidades de medida do tempo (ano, estación, mes, semana, día e hora) en situacións cotiás persoais e sociais. - Construción do calendario para a compresión das conexións entre diferentes unidades de tempo. - Utilización das medidas de tempo no relato das súas experiencias e na xestión das emocións (tempos de espera e momentos de calma). - Medición - Medición individual e en equipo para experimentar con medidas non convencionais mediante repetición da mesma unidade en situacións diversas da vida cotiá. - Medición individual e en equipo con instrumentos non convencionais e convencionais (regras, cintas métricas, balanzas, xerras graduadas, calendarios, reloxos) para resolver problemas cotiáns e achegarse á medición eficaz. Explicación verbal e gráfica do proceso seguido: selección de instrumento, precisión na medida e uso correcto de unidades. - Estimación e relacións - Resolución de problemas cotiáns que requiran estratexias de comparación directa e ordenación de medidas da mesma magnitude. Explicación oral do proceso seguido e da estratexia usada. - Estimación de medidas (distancias, alturas, masas, capacidades) por comparación directa con outras medidas en contextos de resolución de problemas cotiáns, análises dos acertos e dos erros como parte do proceso de aprendizaxe. - Traballo en equipos heteroxéneos, mixtos e diversos: inclusión, respecto e diversidade - Identificación no propio traballo en equipo de actitudes inclusivas e non discriminatorias durante a realización das tarefas matemáticas. - Os equipos colaborativos e cooperativos: responsabilidade individual, interdependencia positiva, repartición equitativa e rotatoria de roles, respecto polas contribucións de todas as persoas membros do equipo. - Estratexias guiadas de organización do traballo en equipo para xestionar o tempo e a realización das tarefas. - Recoñecemento de mulleres e homes no ámbito matemático ao longo da historia como mecanismo de construción

Contidos
- dunha identidade positiva propia.

UD	Título da UD	Duración
5	SENTIDO ESPACIAL E XEOMETRÍA	25

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Participar no traballo en equipo gardando quendas e respectando as propostas das compañeiras e dos compañeiros.	TI	100
CA3.2 - Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Realizar conxecturas sinxelas relacionadas con situacións matemáticas con axuda de preguntas.		
CA3.3 - Describir rutinas e actividades sinxelas da vida cotiá que se realicen paso a paso, utilizando principios básicos do pensamento computacional de forma guiada.	Indica con esquemas ou secuencias os pasos dunha rutina ou tarefa.		
CA3.4 - Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Identificar relacións entre diferentes sentidos matemáticos con axuda de apoios orais (preguntas) ou iconográficos.		
CA3.5 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Recoñecer números, figuras, medidas, operacións e posicións na arte, no deporte, na natureza, etc.		
CA3.6 - Recoñecer linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá, adquirindo un vocabulario específico básico.	Recoñecer linguaxe referida a números, figuras, medidas, operacións e posicións na vida cotiá.		
CA3.7 - Explicar, ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Indicar a través da linguaxe oral, xestual, gráfica ou simbólica os pasos seguidos para resolver un problema ou os resultados obtidos.		
CA6.2 - Expresar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Amosar motivación ante os retos matemáticos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións - Identificación en contextos próximos do punto xeométrico, liñas abertas e pechadas, liñas rectas e curvas. - Descrición de obxectos cotiáns cun vocabulario xeométrico básico referido a figuras sinxelas (triángulo cadrado, rectángulo e círculo) e os seus elementos (lados e vértices). - Experimentación lúdica con figuras e elementos xeométricos para buscar regularidades, descubrir propiedades, comparar, compoñer, descompoñer e clasificar mediante materiais manipulables (xeoplanos, bloques xeométricos, mosaico de petiscos), con adestramento da constancia, perseveranza ante os retos e interese por descubrir.

Contidos

- Construción individual e en equipo de figuras xeométricas sinxelas con recursos funxibles e non funxibles como pezas de construción, bloques, xeoplanos, xogos de figuras...
- Localización e sistemas de representación
- Representación sinxela, desde a propia vivencia e a través do xogo, da localización persoal ou de obxectos no espazo físico cotián e os seus movementos con contraste en equipo dos resultados.
- Descrición de posicións e movementos de obxectos e persoas no espazo con relación a un mesmo ou a puntos de referencia co vocabulario adecuado (arriba, abaixo, diante, detrás, preto, lonxe, á beira). Interpretación de mensaxes que conteñan esa información espacial con contraste en equipo dos datos e emprego do xogo como recurso.
- Visualización, razoamento e modelización xeométrica
- Construción de modelos sinxelos a partir de figuras xeométricas dadas.
- Recoñecemento de elementos, figuras e relacións xeométricas na arte, contorna física, xogos e planos do seu contexto próximo.
- Traballo en equipos heteroxéneos, mixtos e diversos: inclusión, respecto e diversidade
- Identificación no propio traballo en equipo de actitudes inclusivas e non discriminatorias durante a realización das tarefas matemáticas.
- Os equipos colaborativos e cooperativos: responsabilidade individual, interdependencia positiva, repartición equitativa e rotatoria de roles, respecto polas contribucións de todas as persoas membros do equipo.
- Estratexias guiadas de organización do traballo en equipo para xestionar o tempo e a realización das tarefas.
- Recoñecemento de mulleres e homes no ámbito matemático ao longo da historia como mecanismo de construción dunha identidade positiva propia.

UD	Título da UD	Duración
6	ESTADÍSTICA	20

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Expresar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Amosar actitudes positivas ante os retos matemáticos e non frustrarse ante o erro.	TI	100
CA5.2 - Comprender as preguntas expostas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, recoñecendo a información contida en problemas da vida cotiá.	Representar de forma sinxela as ideas contidas en problemas matemáticos cotiáns.		
CA5.3 - Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.	Empregar estratexias de representación e cálculo básico na resolución de problemas.		
CA5.4 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	Resolver problemas aplicando os procesos de interpretación da situación, determinación de datos, plan de acción e comprobación de resultados.		
CA5.5 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Recoñecer números, figuras, medidas, operacións e posicións na arte, no deporte, na natureza,...		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.6 - Recoñecer linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá, adquirindo un vocabulario específico básico.	Recoñecer linguaxe referida a números, figuras, medidas, operacións e posicións na vida cotiá.		
CA5.7 - Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Indicar a través da linguaxe oral, xestual, gráfica ou simbólica os pasos seguidos para resolver un problema ou os resultados obtidos.		
CA6.3 - Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Participar respectuosamente no traballo en equipo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Organización e análise de datos - Recocto de datos da vida cotiá (temporais, meteorolóxicos, persoais e escolares) para representar manipulativa e graficamente o resultado, mediante recursos variados como obxectos cotiáns, imaxes, regras, policubos, encaixables, bloques, pezas de construción - Resolución de problemas en equipo relacionados co contexto próximo mediante o emprego de estratexias manipulativas para a recollida, clasificación, recocto de datos cualitativos en mostras pequenas e representación dos datos obtidos no recocto mediante gráficos estatísticos sinxelos. - Incerteza - Distinción entre un suceso posible e imposible nun ámbito lúdico e cotián. - Traballo en equipos heteroxéneos, mixtos e diversos: inclusión, respecto e diversidade - Identificación no propio traballo en equipo de actitudes inclusivas e non discriminatorias durante a realización das tarefas matemáticas. - Os equipos colaborativos e cooperativos: responsabilidade individual, interdependencia positiva, repartición equitativa e rotatoria de roles, respecto polas contribucións de todas as persoas membros do equipo. - Estratexias guiadas de organización do traballo en equipo para xestionar o tempo e a realización das tarefas. - Recoñecemento de mulleres e homes no ámbito matemático ao longo da historia como mecanismo de construción dunha identidade positiva propia.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Desenvolverase unha metodoloxía viva e activa. Os aspectos que vertebran a nosa filosofía educativa son os seguintes:

- Acompañamento emocional da infancia.
- Vínculo.
- Respecto polos ritmos individuais.
- Inclusión.
- Respecto polos procesos de aprendizaxe (vivenciación, manipulación, simbolización, abstracción e xeneralización).
- O movemento.
- Arte en todas as súas linguaxes.
- Tempos para dar resposta aos intereses individuais.
- Tempos para o xogo libre.
- Aprendizaxe competencial.

- Respecto.
- Igualdade.
- Ecoloxía e sostibilidade.
- Habilidades de pensamento que propicien actitudes críticas, coidadasas e creativas.
- Sentimento de grupo e aprendizaxe colaborativa.
- Contacto coa natureza.
- Diálogo.
- escoita.
- Tempos de calidade.
- Calma e goce.
- Participación activa das nenas e dos nenos na vida da escola (dar voz a través de asembleas e Consello Escolar da Infancia).
- Normas e límites.

Agrupamentos:

Realizaranse distintos tipos de agrupamento: gran grupo, pequeno grupo e propostas individuais.

Nunha parte puntual do día, realizaranse agrupamentos interniveis, neste caso, entreo a lumnado de 1º e 2º de educación primaria.

Círculo:

Espazo para saudarnos a primeira hora da mañá, para o encontro, recoñecernos e recoñecer ao grupo, ter presentes ás persoas ausentes, diálogo e escoita. No círculo desenvolveremos dinámicas, como, por exemplo, o emprego do calendario, pasar lista, asembleas, responsabilidades grupais, faladoiros, ... É importante destacar a flexibilidade deste momento ao longo do curso (retirar, evolucionar ou incorporar dinámicas).

Asembleas:

Estrutura democrática para a xestión do grupo e a toma de decisións.

O tempo de grupo:

Tempo no que todo o grupo, coa persoa titora, desenvolve unha serie de propostas relacionadas coas distintas áreas do currículo. Poderán levarse a cabo diferentes estruturas (tecidos de aula, obradoiros, ...), e agrupamentos (pequeno grupo, parellas ou individual).

Neste momento, o obxectivo é cada nena e cada neno afiance unha serie de procesos e adquira as técnicas necesarias para poder aplicalas noutro tipo de estruturas e aprendizaxes.

Os distintos tipos de aprendizaxe, estruturas e acompañamento que se desenvolven ao longo da xornada complementanse.

Procesos:

Tempo para o traballo en pequeno grupo ou en parellas no que se desenvolven distintas estruturas cun enfoque globalizador e competencial (caixas de aprendizaxe, pequenas investigacións, ...).

Contacto coa natureza:

Potenciaremos o contacto coa natureza e empregaremos a contorna próxima como espazo de aprendizaxe (a praza, a praia, o monte, o espazo exterior da escola, invernadoiro ¿).

O movemento:

O movemento estará presente ao longo da xornada a través de actividades vivenciais e activas, máis alá das sesións de Educación Física.

Aprender facendo:

Nestas etapas segue a ser importante e necesario tomar como punto de partida a vivenciación e a manipulación. Teremos en conta e respectaremos os seguintes procesos de aprendizaxe en todas as áreas: vivenciación, manipulación (fases), simbolización, abstracción e xeneralización.

Linguaxe oral:

Ao longo de curso levaranse a cabo exposicións orais breves relacionadas con temáticas próximas e significativas para o alumnado.

Matemáticas:

Traballaremos as matemáticas desde un enfoque multidisciplinar. Tomaremos como punto de partida situacións problemáticas, próximas ás nenas e nenos, e favoreceremos a creación de estratexias persoais de resolución. Destacamos a importancia da aprendizaxe por descubrimento e, en relación á operatividade, o poder do cálculo mental.

Os nosos principios no acompañamento dos procesos matemáticos son:

- Vivenciación dos procesos.
- Construción das aprendizaxes.
- Partir de situacións problemáticas.
- Poder do cálculo mental.
- Interdisciplinabilidade.
- Evolucionar do concreto ao abstracto.
- Favorecer e respectar as estratexias persoais.
- Argumentar.
- O poder da pregunta.

Respectaremos as seguintes fases:

- Vivenciación.
- Manipulación física.
- Manipulación física e simbolización lingüística.
- Simbolización lingüística.
- Manipulación física e simbolización gráfica.
- Simbolización gráfica.
- Simbolización matemática.
- Abstracción.
- Xeneralización.

Biblioteca escolar:

A biblioteca funcionará como un espazo de aprendizaxe e convivencia. Levaranse a cabo distintas dinámicas como investigacións, tempo de lectura, tertulias dialóxicas, radio. Un dos obxectivos para o presente curso escolar é ampliar os espazos de lectura no exterior.

Desenvolverase unha metodoloxía globalizadora e cunha aplicación práctica na realidade máis próxima ao alumnado. O mestre debe ser un guía da aprendizaxe, respectando as eleccións do alumnado cara a construción dos coñecementos propios, realizando propostas en base ao coñecemento do alumnado e respectando os ritmos individuais.

Usaranse metodoloxías combinadas que mellor se adapten a cada alumno e alumna: Montessori, Waldorf, OAOA... As necesidades e benestar do alumnado deben estar por diante dos métodos pedagóxicos.

Tamén marcaranse hábitos de traballo e rutinas, xa que o alumnado desta idade aínda necesita tempos fixos para poder organizarse.

En canto á organización dos espazos e recursos, todo o material co que se traballe estará a disposición do alumnado. Realizaranse propostas de traballo semanal, polo cal o alumnado terá que ir elixindo tarefa e realizando un rexistro para asegurarse de que realiza todas as propostas ao longo da semana.

Fomentarase a autonomía e a elección de actividade, planificando todo o que precisa para realizar a tarefa.

A utilización de material manipulativo precisa de unhas pautas de utilización, xa que non é material de xogo, polo que é preciso realizar unha serie de consideracións metodolóxicas de cara a facer un bo uso do mesmo:

- Consensuar co alumnado normas de uso seguro e coidado do material.
- O material presentarse para a súa exploración propoñendo actividades libres, que favorecen o coñecemento paulatino das súas cualidades: tamaño, textura, cheiro...
- Esa experimentación libre permitirá facer conxecturas sobre o seu posible uso e utilidades.
- Posteriormente realizaranse actividades e xogos orientados a unha experimentación máis profunda encamiñada ao obxectivo do seu uso.

- Unha vez pasadas as fases anteriores, o material pode ser usado de xeito convencional co fin de xerar coñecemento no alumnado e favorecer a comprensión dos distintos conceptos matemáticos.

<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - A voz e os instrumentos musicais: estratexias de discriminación visual e auditiva básica de instrumentos, familias e agrupacións. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado. - Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición. - Práctica instrumental, vocal e corporal: aproximación á experimentación, exploración creativa e lúdica e interpretación a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. - Construción asistida de obxectos sonoros e instrumentos sinxelos con materiais da contorna, especialmente de reciclaxe, e exploración das súas posibilidades sonoras. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical. - Estratexias básicas de recepción activa. - Manifestacións elementais vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde - Vocabulario específico básico das artes escénicas e performativas. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante - O corpo e as súas posibilidades motrices: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral como medio de expresión e diversión - Técnicas dramáticas e dancísticas elementais. - Capacidades expresivas e creativas básicas da expresión corporal e dramática. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.

Contidos
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.

UD	Título da UD	Duración
3	Estilos musicais	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade e respecto por estas.	Descobre propostas musicais con instrumentos de materiais sinxelos, refugallo e/ou reciclaxe.	TI	100
CA1.5 - Iniciarse na identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas musicais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Identifica algúns estilos musicais traballados.		
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas musicais.		
CA2.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Elabora algún instrumento con materiais sinxelos da súa contorna, de refugallo e/ou de reciclaxe.		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades musicais.		
CA3.1 - Descubrir propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Descobre propostas artísticas da música dramática.		
CA3.3 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Procura información sobre os estilos musicais traballados de maneira básica e guiada.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Baixo a música segue os movementos e indicacións da persoa docente.		
CA4.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, utilizando elementos básicos da expresión corporal.	Participa en grupo en actividades dancísticas.		
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións escénicas e performativas elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Participa na creación de producións musicais propias.		
CA4.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas escénicas e performativas sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresa os sentimentos que lle transmiten as diferentes audicións ou manifestacións artísticas.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión das ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades escénicas e performativas.		
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Goza co traballo realizado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - O tempo e o carácter: recoñecemento de mostras básicas e contrastantes e iniciación á súa capacidade de relación. - Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero. - Vocabulario específico básico de música. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición. - Práctica instrumental, vocal e corporal: aproximación á experimentación, exploración creativa e lúdica e interpretación a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical. - Estratexias básicas de recepción activa. - Manifestacións elementais vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Respecto e valoración destas desde - Vocabulario específico básico das artes escénicas e performativas. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante - O corpo e as súas posibilidades motrices: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral como medio de expresión e diversión - Técnicas dramáticas e dancísticas elementais. - Capacidades expresivas e creativas básicas da expresión corporal e dramática. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.

UD	Título da UD	Duración
4	Un cole de cine	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade e respecto por estas.	Descubre diferentes propostas artísticas amosando unha actitude respectuosa.	TI	100
CA1.4 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas musicais, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Participa na elaboración dun mural grupal sobre instrumentos musicais e danzas e bailes tradicionais e populares galegos.		
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Amosa respecto nas audicións e co traballo dos compañeiros/as.		
CA2.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Crea obras propias empregando os recursos instrumentais e corporais.		
CA2.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións musicais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresa os sentimentos e emocións experimentados trala interpretación de pequenas obras musicais seleccionadas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Participar de maneira guiada no deseño de producións musicais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Participa grupalmente na creación e interpretación dunha pequeno conto que empregue algúns instrumentos, ou outros, a modo de efectos dramáticos.		
CA2.6 - Compartir as experiencias creativas musicais, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Goza coas experiencias creativas musicais realizadas.		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Amosa respecto de cara ao traballo dos compañeiros/as.		
CA3.1 - Descubrir propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Descubre novas propostas artísticas do mundo cinematográfico.		
CA3.3 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Participa na elaboración dun mural grupal sobre instrumentos musicais e danzas e bailes tradicionais e populares galegos.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Amosa respecto de cara á audición musical ou dos propios compañeiros/as de aula.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión das ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto de cara ao traballo dos compañeiros/as na aula.		
CA4.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas escénicas e performativas sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresa os sentimentos e emocións experimentados trala interpretación de pequenas coreografías seleccionadas.		
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Goza coas experiencias creativas realizadas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero. - Vocabulario específico básico de música. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición.

Contidos

- Práctica instrumental, vocal e corporal: aproximación á experimentación, exploración creativa e lúdica e interpretación a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.
- Estratexias básicas de recepción activa.
- Manifestacións elementais vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde
- Vocabulario específico básico das artes escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante
- O corpo e as súas posibilidades motrices: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral como medio de expresión e diversión
- Técnicas dramáticas e dancísticas elementais.
- Capacidades expresivas e creativas básicas da expresión corporal e dramática.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A nivel de centro desenvolverase unha metodoloxía viva e activa. Os aspectos que vertebran a nosa filosofía educativa son os seguintes:

- Acompañamento emocional da infancia.
- Vínculo.
- Respecto polos ritmos individuais.
- Inclusión.
- Respecto polos procesos de aprendizaxe (vivenciación, manipulación, simbolización, abstracción e xeneralización).
- O movemento.
- Arte en todas as súas linguaxes.
- Tempos para dar resposta aos intereses individuais.
- Tempos para o xogo libre.
- Aprendizaxe competencial.
- Respecto.
- Igualdade.
- Ecoloxía e sostibilidade.
- Habilidades de pensamento que propicien actitudes críticas, coidadosas e creativas.
- Sentimento de grupo e aprendizaxe colaborativa.
- Contacto coa natureza.
- Diálogo.
- escoita.
- Tempos de calidade.
- Calma e goce.
- Participación activa das nenas e dos nenos na vida da escola (dar voz a través de asembleas e Consello Escolar da Infancia).

- Normas e límites.

A metodoloxía desta programación parte da descripción evolutiva presente na introdución que nos ofrece unha visión do noso alumnado en canto ao estadio madurativo, nivel de expresión e comunicación, habilidades psicomotoras, estruturación temporal, espacial, etc, algo esencial para aplicar os principios metodolóxicos fundamentais en relación a centros de interese que articulan e configuran os contidos e obxectivos de cada Ud., favorecendo a interdisciplinabilidade, globalización e motivación do alumnado. Estes centros de interese veñen determinados polo calendario escolar, os días mundiais ou internacionais como o da poesía, biblioteca, do planeta, etc. e tamén as efemérides propias da nosa comunidade.

Dentro desta programación trátase con especial atención o papel activo da sociedade na educación, incluíndo ao alumno, profesor, familia, escola e outros entes sociais e culturais que cooperen nunha aprendizaxe global e interdisciplinar que saiba destacar as fortalezas e necesidades do entorno, orientando e completando a labor docente e traballo musical que recolle esta programación.

Esta programación pretende, mediante o traballo musical desenvolver a creatividade, hábitos saudables de control corporal, axudar á comprensión lectora, expresión oral e escrita durante o traballo de cancións, a comunicación audiovisual e Tics, desenvolver o emprendemento e autoestima e traballar a educación cívica e constitucional do alumnado.

A finalidade da educación primaria é a facilitación ao alumnado das aprendizaxes na expresión e comprensión oral, a lectura a escritura, o cálculo, a adquisición de nocións básicas en cultura e o hábito de convivencia, así como o estudo e traballo, o sentido artístico, creatividade e a afectividade, garantizando unha formación integral que contribúa ao pleno desenvolvemento da personalidade, co cal a metodoloxía educativa basearase nos principios de globalización, integración, significatividade, funcionalidade e interdisciplinabilidade, buscando que os contidos sexan o máis relevantes e interesantes posible para traballar e adquirir as Competencias Clave, Obxectivos didácticos e consecuentemente os obxectivos de etapa, cun tratamento en espiral dos contidos. Ademais destes principios, traballamos os seguintes:

-Actividade: entendendo este principio como a vivenciación e manipulación dos conceptos traballados desenvolvendo unha aprendizaxe integral, a nivel corporal, intelectual, social, interpretativo, etc. de todas as actividades presentadas. Implicación e participación activa.

-Unidade de teoría e práctica: todo concepto traballado ten aplicación práctica, e antecede ese carácter práctico ao traballo cognitivo na maioría dos casos.

-Creatividade: innovar, experimentar, improvisar e crear no campo musical.

-Socialización: desenvolvemento social satisfactorio e integración, trátase de crear alumnos dinámicos, tolerantes e respectuosos mediante as tarefas en grupo, parellas, etc.

-Carácter lúdico: preséntase o xogo como recurso didáctico, apórtase carácter lúdico ás actividades que lle confiren maior interese, motivación e diversión na súa realización.

-Resolución de problemas: desenvolvee fomenta e interacción para que o neno/a resolvacon autosuficiencia e seguridade os conflitos e dificultades nas actividades.

MODELO DIDÁCTICO: O modelo didáctico traballa con grupos, parellas, ensino recíproco, talleres prácticos (danza, canto, linguaxe...), rutinas e recunchos incidindo no traballo cognitivo e práctico. Tamén se impulsa a participación dos pais mediante traballos de investigación como a creación dun cancionero, traballo do taboleiro de

novas musicais e coa comunicación permanente na aula virtual e blog da aula de música.

As actividades terán en conta o traballo da diversidade variando a dificultade e ritmos de aprendizaxe das tarefas, o grao de abstracción

que necesitan, a súa adaptación ás finalidades pretendidas buscando captar a motivación, participación e interese do alumno.

Así temos os seguintes campos de traballo:

-Percepción auditiva, OÍDO

Todo proceso musical traballa a percepción dos parámetros do son e silencio como actividade fundamental previa e posterior á

audición, os musicogramas (Wuytack) e partituras reais adaptadas, motivase as audicións con explicacións, contos, imaxes, vídeos, dramatización,

danzas, debuxo, poesía, karaokes musicais, empregado como apoio gráfico ao escoitado (Willems), escoitar sons propios da

contorno e traballo con obxectos sonoros, explorando as súas posibilidades sonoras (Willems). As audicións non serán moi extensas para

manter a atención dos discentes e débense empregar obras do folclore propio, Kodaly e do resto do mundo, para ir traballando elementos

musicais de dinámica, timbres, rítmica, etc. de xeito, obras de todos os estilos musicais, achegando diversas culturas a dentro da aula.

As audicións e actividades de aula irán acompañadas dun musicograma e a súa correspondente partitura coa finalidade de que teñan

un soporte gráfico polo cal guiarse e así ir familiarizándose coas grafías formais e informais da linguaxe musical.

O profesor atenderá as distintas demandas do alumnado co cal as audicións programadas poderán variar a medida que avanza o

curso, dependendo das propostas e intereses do alumnado e o centro.

As audicións están preparadas ao inicio da clase, para favorecer un bo aproveitamento da sesión, o cal introduce rápidamente ao

alumnado na actividade e favorece a motivación por descubrimento.

-Expresión vocal e canto, VOZ

Centrada na canción como base do coñecemento de musical, o proceso de ensino prodúcese por imitación, recoñecemento de intervalos,

con consignas que eliminen a monotonía (imitando acentos, óperas...), e coa lectoescritura.

Canto con naturalidade, sen forzar a voz na tesitura axeitada, co pulso e métrica correcta, xogos de palabras, coros rítmicos falados,

recitados e dramatizacións, importancia da técnica vocal con exercicios específicos de afinación progresiva, relaxación respiración, bloqueo,

dicción e control vocal. Imitación en eco, canto con acompañamento rítmico, melódico ou harmónico, audición interior que favoreza

a memoria auditiva (Willems), improvisación, realización de acompañamentos sinxelos, cancións con xestos e de substitución (Wuytack), a

altura relativa e fononimia de (Kodaly e Ward).

-Expresión instrumental, INSTRUMENTOS

A práctica instrumental xera gran atracción no alumnado e emprégase durante a práctica, manipulación experimentación cos

instrumentos musicais e colección de obxectos sonoros presentes na aula. Aplícanse os traballos en instrumental Orff a nivel rítmico e

melódico, a percusión corporal e a linguaxe musical a nivel práctico e de lectura-escritura. Este traballo favorece a práctica amena,

intercalando a linguaxe convencional e non convencional, sílabas preconcebidas (Kodaly), sílabas non preconcebidas (Orff), cancións de

intervalos (Orff, Wytak). A improvisación en pentafonía e fórmulas forma parte primordial do traballo instrumental, (Willems).

Outros autores coñecidos que se aplican no traballo musical son Suzuki, traballando aspectos relacionados con audicións musicais e a

implicación dos pais no proceso de ensinanza, de Schaffer a idea de que para ser músico non fai falla necesariamente saber música

senón practicar e experimentar con ela, e tamén a incorporación das TICs na educación, a importancia do silencio e utilización de diagramas, de Paynter asimilo a idea de traballar todos os estilos musicais, e Martenot a memorización musical. Tamén desfrutarán da visualización na aula de diversos instrumentos para ver a súa forma, sonoridade, materiais, etc.

-Graffias musicais, LINGUAXE MUSICAL

Tratarase de introducir ao alumnado na lectoescritura formal e informal da linguaxe musical, entender os símbolos e a súa función para rexistrar a música como unha linguaxe totalmente particular.

Para esta tarefa cada unidade ten un apartado de traballo escrito, debuxo, colorear, e sobre todo visualización do musicograma e partitura da canción e audición principal de cada unidade, achegando así dende os primeiros cursos a grafía musical de xeito formal e informal como sistema de representación e seguimento de obras e audicións.

-Expresión corporal e danza, O CORPO

O ensino musical procura que o discente utilice o seu corpo no desenvolvemento das capacidades musicais. Traballase a pulsación, cualidades do son, danza, ritmos, etc. apoiados en representacións corporais e movemento. O Movemento para interiorizar fórmulas

rítmicas (Dalcroze), expresión corporal libre e dirixida sobre audicións, utilización de fichas rítmicas traballadas na actividade musical, marchas (Dalcroze), movemento libre, coordinacións estruturadas, pasos preconcebidos, danzas folclóricas e do mundo e a dramatización e expresividade en cancións mimadas.

A traves do corpo iniciaranse nas actividades de comunicación global e coordinada con todos os compañeiros da clase. As posturas

corporais, hixiene corporal, corrección na execución de movementos, lateralidade, desprazamentos, direccionalidade, xesto e mímica,

ritmo e dinámica, etc. Serán os campos a traballar en este apartado, que busca a consolidación do esquema corporal e vivenciación dos

contidos musicais, facer práctica a música.

O corpo será o primeiro e mellor instrumento co que iniciarse na formación instrumental, aportando control corporal da tonicidade,

relaxación muscular, disociación e mellora do esquema corporal e lateralidade, o que redundará nunha mellora no traballo instrumental que

precisa de manipulación de materiais musicais. A percusión corporal, a vivenciación do pulso coas marchas durante as audicións, a rítmica

asociada á danza e movemento e a mímica nas representacións e escenificacións de pequenas obras tamén son factores claves traballados

nesta programación que inciden no traballo corporal.

-MÚSICA, CULTURA E SOCIEDADE

Dende o traballo usical achegaremos ao noso alumnado unha ampla aprendizaxe sobre a cultura e folclore propio, tradicións, música,

lendas, cantigas, festexos, folclore, etc. e tamén de outros países e culturas, o cal incidirán nun coñecemento máis variado e amplo da

cultura mundia, traballando un sistema de valores universal.

Tamén se fará fincapé co traballo do noticieiro dos eventos musicais e culturais presentes no contorno, animando ao alumnado a que

poida presenciarlos e comentalos na clase como fonte de enriquecemento colectivo.

A programación fará unha visión histórica dos contidos musicais, o cal transportará ao alumnado a outras épocas con danzas, audicións

de distintos estilos e épocas na historia analizando tamén as realidades sociais para comparalas coa nosa.

-O XOGO

O xogo xunto coa canción son os mellores recursos para traballar a música, sobre todo en este curso con alumnado de seis e sete

anos, posto que durante toda a etapa de infantil era o seu principal método de aprendizaxe, fundamental na concreción da personalidade, socialización e como técnica de estudo e motivación. O xogo favorece a motivación no traballo, a competitividade encauzada e guiada de cara á mellora persoal e non para deixar en evidencia aos compañeiros, co cal a docencia impulsa actividades de xogos con material específico de traballo da linguaxe musical mediante xogos onde paralelamente se realiza unha actividade cognitiva implícita que os alumnos e alumnas realizan inconscientemente con gran emoción e entusiasmo. Xogos coma os trens rítmicos, o pentagrama magnético, xogos en entornos dixitais e o taller de instrumentos son claros exemplos da presenza do xogo nas Unidades Didácticas, e tamén especialmente o traballo por recunchos, onde o alumno escolle e se fai responsable da súa actividade durante o tempo que se destina a esta actividade cada día.

-CREATIVIDADE E IMPROVISACIÓN

A creatividade e improvisación favorecen que se explore de xeito máis rico e variado o campo musical. Non obstante, débese favorecer a seguridade, motivación e expresividade para educar en este sentido ao alumnado. A improvisación érrese como recurso fundamental en todos os campos de traballo musical, a danza, instrumentos, voz, dramatización e creación musical, estimulando o talento e creatividade de cada alumno/a. O clima de traballo debe ser distendido e motivador para que o alumnado poida explorar todo o seu potencial de xeito espontáneo e libre sen forzar as actividades na medida do posible para que así se fomente a autoestima e gusto musical propio, configurando un autoconceito positivo en base ao traballo musical.

-As TICs

O tratamento das TIC realízase nunha serie de actividades de consecución das destrezas necesarias que permitan ao alumnado valer por si mesmo na utilización de programas multimedia, a Internet e a autoaprendizaxe e o ocio por medio das TIC. A utilización do proxector e ordenador de aula cotiánmente, o recuncho das tics, cos dous ordenadores e tablet, o pequeno estudio de gravación que se crea na aula para a gravación de audio e vídeo en algunhas sesións, a utilización da aula de informática e calquera actividade na que se empreguen sistemas de tecnoloxía na reprodución, proxección ou visualización de contidos musicais.

-O plurilingüismo

Resalta a importancia do coñecemento de novas linguas para desenvolver destrezas e capacidades que enriquecen a comunicación lingüística e a interculturalidade, despertando a curiosidade e interese por novas línguas, e anima a que durante a programación de música se poida traballar interdisciplinarmente algunha unidade coa asignatura de inglés, co cal durante o desenvolvemento da programación inclúense diferentes unidades didácticas que traballan tanto a lingua galega, como é propia do noso folclore e coñecemento do entorno, pero íranse incorporando tamén cancións e xogos en lingua castelá, inglesa e tamén distintas linguas de outras culturas e dialectos de países incidindo na pronunciación e dicción dos mesmos, traballando así unha aprendizaxe máis global e enriquecida.

PERFIL COMPETENCIAL DOCENTE.

En canto ao profesor debe ser innovador e dinamizador, capaz de captar a atención do alumnado despertando a súa curiosidade e motivación para xerar un ambiente de comunicación e reflexión conxunta. É un profesor seguro e con amplo coñecemento musical e

didáctico, modelo e referente do alumnado, bo comunicador e próximo cos discentes, avogando por un bo ambiente de aula con estratexias e actividades variadas.

Debe desenvolverse con soltura nos entornos dixitais, fomentando o uso das novas tecnoloxías da educación tan presentes na actualidade e como nos indica o DECRETO 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo na ensinanza non universitaria de Galicia debe dominar o Inglés para introduci-lo como traballo de reforzo interdisciplinarmente e global en algunha unidade mediante o traballo de cancións, audicións e con pequenas frases que axuden a acadar a competencia lingüística en unha lingua estranxeira..

ORGANIZACIÓN ESPACIAL .

A organización espacial da aula realízase en zonas que permitan agrupamentos diversificados e o traballo cooperativo, zona de traballo teórico, encerado, etc., zona de instrumental onde todo o instrumental estará visible e en disposición de ser utilizado, zona de vídeo e pantalla e ampla zona de danza e movemento. Os alumnos e alumnas serán as encargadas de manter a aula ordeada e traballar nos recunchos co material existente de xeito coidadoso, fomentando a autonomía durante o seu traballo.

ESTRUCTURACIÓN TEMPORAL .

A estruturación temporal das unidades didácticas permitirá , no seu conxunto, o traballo da totalidade dos contidos do currículo, así como dos elementos transversais, dos obxectivos da etapa e están pensadas para a consecución do logro de cada un dos criterios de avaliación (CA) establecidos, ou, alomenos, os mínimos de consecución correspondentes, así como para a progresiva adquisición das competencias clave correspondentes de cara ao perfil de saída do alumnado ao remate da educación primaria.

A UD4, que viaxa ao longo do tempo ao estar en cada un dos 3 trimestres, non está concibida para ser levada a cabo anterior ou posteriormente de xeito estrito ás UD1, UD2 e UD3, respectivamente; de feito, o seu desenvolvemento está pensado para ser non só intercalado ao longo do resto das UD, senón incluso na mesma sesión, de xeito que aporte unha dinámica variada e flexible tanto á persoa docente, por un lado, como para o enriquecemento do alumnado, polo outro.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Instrumentos de percusión de altura indeterminada (PAI) e de percusión de altura determinada (PAD)
Encerado dixital
Ordenador: con diferentes aplicacións e programas de software libre (Plan Dixital): reprodución audio e vídeo, editor de partituras, gravación, etc.
Altosfalantes
Piano electrónico
Micrófono/s, pé/s de micro e cableado
Páxina web do centro: sección Aula de Música e Danza/Aula Virtual
Fruta doce
Guitarra e ukeleles
Tablets e ordenadores

Xogos musicais

Materiais de reciclaxe para taller de instrumentos

As sesións de Educación Musical, tanto en Educación Infantil como en Primaria, lévanse a cabo na aula de música, situada na planta baixa do centro, se ben é posible que algunhas actividades puntuais se leven a cabo na aula de referencia de cada curso así como en espazos exteriores.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Revisados os informes individualizados do alumnado, levarase a cabo unha serie actividades e tarefas de aula co fin de coñecer o punto de partida; de especial interese é a información deste ampliada por parte das persoas titoras de infantil do curso anterior ao ser posible unha reunión presencial con estas dado que continúan no equipo docente do centro.

Esta avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras 3 ou 4 sesións, para poder establecer uns criterios claros do nivel mínimo da clase en xeral, e de cada alumna/o en particular. Neste eido cómpre ter en conta:

- Alumnado do centro, do cal a persoa docente desta materia é máis coñecedora ao formar parte do equipo docente de infantil o curso anterior.

- Alumnado de nova incorporación, do cal só hai referencias previas dos informes individualizados.

Dita serie de probas consistirán na execución guiada dunha selección específica de xogos/exercicios/cancións que traballen os aspectos vocal, corporal e motriz e cuxa observación directa será reflectida nun rexistro; ao mesmo tempo, rexistraranse aspectos como a capacidade de recepción, comportamento, actitude, etc.

A partir do conxunto de datos obtidos do anteriormente citado tratarase co DO (ou alomenos comunicaranse, e a través da tutoría, aquelas medidas que xa pode realizar e/ou realizará a persoa docente na aula, como por exemplo un reforzo dentro desta ou unha atención máis individualizada); de ser posible e/ou necesario sería importante e interesante que esta xuntanza fose xunto coa persoa titora e co resto de equipo docente da aula para poder convir o modo de intervención daquelas posibles dificultades atopadas, especialmente das que precisen persoal docente adicional e/ou solicitude ao DO.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	30	25	25	20	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Os CA da presente PD serán avaliados por medio dunha táboa de indicadores, da cal se levará un rexistro cunhas escalas de valoración/rúbrica.

A nota trimestral, no tocante o que ás UD se refire, será a seguinte:

- 1º trim.: UD1 80% + UD4 20%

- 2º trim.: UD2 80% + UD4 20%

- 3º trim.: UD3 80% + UD4 20%

O 100% da nota da avaliación final obterase do xeito seguinte:

- 1º trim. 30%

- 2º trim. 30%

- 3º trim. 40%

Cando a cualificación obtida, tanto trimestral como final, for un resultado con decimais, por defecto aplicarase o seguinte:

- Se o decimal está entre 0 e 49 o número da nota enteira será o mesmo que sen decimais.

- Se o decimal está entre 5 e 99 o número enteiro redondearase para o inmediatamente superior.

En calquera caso, se por análise da persoa docente e/ou o conxunto da Xunta de Avaliación, a progresión do alumnado argumenta a este/a/s a conveniencia de non aplicar o anterior por defecto, atendendo a razóns pedagóxicas, isto será o que prevalecerá.

Cráterios de recuperación:

Aquel alumnado que non tivese acadado os mínimos de consecución de cada CA ó final de cada UD poderá recuperalos ao final de cada trimestre. Isto terá lugar cara a segunda semana de decembro, marzo e xuño, respectivamente. Neste centro, de ser este o caso, o procedemento será o seguinte:

- Comunicación disto á familia (e paralelamente á persoa docente titora mediante correo electrónico) a través da axenda do alumnado e/ou do Abalar. Nesta especificarase aquel/es mínimo/s de consecución que se precisa/n acadar, o que corresponda para tal fin (e sempre en concordancia co instrumento de avaliación correspondente reflectido na presente PD: p. ex. repetición dun traballo e/ou parte deste e/ou dunha interpretación instrumental, etc.).

- Ademais, de especial importancia e interese resultará trasladar esta información ao alumnado: isto farase de xeito individual e entregándolle unha folla que recollerá o que precisa realizar para acadar ese/s mínimo/s de consecución, explicándolle isto verbalmente e resolvéndolle as posibles dúbidas ao respecto.

Se este/s mínimo/s de consecución non fose/n acadado/s trimestralmente isto poderá ser recuperado de cara á avaliación final. De ser así cómpre diferenciar entre dous aspectos:

- Se se trata de algo máis ben específico (por ex.: un traballo a entregar) seguirá o mesmo procedemento referido anteriormente e terá lugar durante a primeira quincena de xuño.

- Se se trata dun aspecto de adquisición meramente progresivo (por ex.: coñecementos de linguaxe musical ou cuestións técnicas interpretativas) que non foi quen de superar anteriormente pero si no último trimestre darase isto por superado. Téñase en conta que por un lado, na UD3 do 3º trimestre recóllense os contidos e CA das UD1 e UD2, así como a UD4 trabállase en todos os trimestres, dotando así dunha dimensión práctica e operativa a indiosincrasia desta materia no que á avaliación continua se refire.

6. Medidas de atención á diversidade

Non todo o alumnado aprende da mesma forma e ao mesmo ritmo; por iso realizaranse actividades a distinto nivel:

- Actividades programadas para todo o grupo.

- Actividades de reforzo para o alumnado cun ritmo lento e baixa comprensión.

- Actividades de ampliación para alumnado cunha aprendizaxe máis rápida.

- Xogos/Actividades adicionais para aquel alumnado que remate antes as tarefas individuais/grupais da clase.

Porase énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. Así, tan rápido como se detecten dificultades específicas de aprendizaxe farase un reforzo educativo coa finalidade de que este adquira os coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo.

No caso de alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso seguiranse as indicacións establecidas no artigo 50 da ORDE do 8 de setembro de 2021 (de atención á diversidade) en relación ao preceptivo plan específico de reforzo, que ten como obxectivo atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición.

Tamén se farán adaptacións curriculares significativas para aquel alumnado que presente necesidades educativas especiais onde se reducen e simplifican actividades mostrando a forma máis sinxela de facelas.

No caso de alumnado con altas capacidades ampliáranse os seus coñecementos debido á súa rápida aprendizaxe.

Alumnado inmigrante con descoñecemento da lingua, tanto de incorporación ao inicio como ao longo do curso: solicitarase levar a cabo a valoración polo Departamento de Orientación para determinar o nivel curricular. Establecerase Reforzo Educativo, para o cal non se precisa necesariamente intervención do DO; e traballárase máis na comunicación a través de imaxes e no aspecto da recepción e na vivencia musical e da danza, de xeito que se faga fincapé na integración e inclusión deste tipo de alumnado co resto da clase.

Dependendo da casuística do alumnado cómpre ter en conta diferentes consideracións á hora de traballar, tales como: emprego de grafías de maior tamaño; priorización dalgunha das linguaxes e/ou formas de comunicación: oral, escrita, visual e/ou táctil; énfase no aspecto de índole globalizador, coordinación motriz, lateralidade e/ou psicomotricidade fina, etc.

Con alumnado con deficiencias auditivas cómpre diferenciar entre aquel hipoacústico, co que o obxecto principal é

desenvolver a audición no marco da linguaxe, interpretando cancións e exercicios de discriminación auditiva, e o anacúsico, co que o obxectivo principal é estimular a lectura de beizos e axudarlles na súa toma de conciencia sobre as vibracións que o rodean, para o que se lle axudará, sobre todo, cos sentidos da vista e do tacto.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual				X
ET.4 - Competencia dixital			X	X
ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento	X	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos		X		
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible		X		
ET.9 - Educación para a saúde	X	X	X	X

Observacións:

As competencias marcadas como transversais á programación son abordadas diariamente no desenvolvemento das sesións e metodoloxía de aula onde se perseguen o ideario de centro que busca a investigación, autorrealización, desenvolvemento emocional e inclusión igualitaria do grupo.

A maiores afondarase na educación para o consumo responsable con un taller de construción de instrumentos, a competencia dixital no traballo de edición dixital e audiovisual e creación musical propia.

A paz e resolución de conflitos afóndase na propia conmemoración do día da paz e diariamente na realización pacífica e resolución pacífica dos conflitos que surxan durante o traballo de aula.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Concerto didáctico de música e danza tradicional galega	Concerto a nivel centro para a conmemoración do agosto.	X		

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
SAMAÍN	Traballo dunha peza relativa a esta celebración a nivel vocal e teatral.	X		
MAGOSTO	Interpretación de pezas populares galegas relativas ao outono, bailes, xogos e trabalínguas en referencia á festa do magosto para realizar ao aire libre o día do magosto.	X		
NADAL	Realización dun teatro musical.	X		
DIA DA PAZ	Traballo dunha canción ou Libup relacionada coa paz a tolerancia e respecto de todas as culturas incorporando unha coreografía sinxela.		X	
ENTROIDO	Traballamos a música percusiva, batucadas e tamboradas para acompañar o desfile de disfraces.		X	
DIA DO LIBRO	Proposta de lectura de libros musicais e contos de temática musical.		X	
OS MAIOS	Creación e canto de pequenas coplas de maios acompañadas coa guitarra e claves musicais para gravalas o dentro da aula.			X
LETRAS GALEGAS	Traballo na aula do folclore galego como seña de identidade na nosa Comunidade Autónoma, musicalización dalgún texto do autor en cuestión.			X
Colaboración no Xornal do Centro	No 3º trimestre colabórase elixindo un dos traballos grupais realizados durante o curso para editar no Xornal.			X
FIN DE CURSO	Musical de fin de curso, canto e baile para despedir o curso de xeito divertido.			X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuouse o deseño das UD ás características e necesidades do alumnado.
Funcionalidade da PD: revisouse ao longo do curso e foi práctica e útil para acadar os obxectivos propostos.
Cumpríuse a temporalización inicialmente establecida.
Máis do 80% do alumnado superou a materia.
Metodoloxía empregada
A persoa docente empregou as metodoloxías reflectidas na PD.
Leváronse a cabo as medidas de atención á diversidade e foron efectivas.
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado

Medidas de atención á diversidade
Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
Clima de traballo na aula
Realizouse unha enquisa ao alumnado sobre a práctica docente.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Aportouse información ao persoal docente titor.
Apoiouse a implicación das familias no traballo do alumnado.

Descrición:

En liñas xerais, farase un seguimento trimestral para a comprobación dos indicadores de logro.

A enquisa ao alumnado realizarase cara o remate do 3º trimestre, e incluíranse, entre outras, unha pregunta de escala na que este valore a facilidade coa que comprendeu as instrucións dadas, así como outra/s relacionada/s sobre a adecuación do deseño das UD en base ás súas necesidades.

De cara a reflectir a comunicación realizada da información ao persoal titor será suficiente con que este último así o faga constar nas correspondentes actas de ciclo e/ou en cada unha das actas posteriores á Xunta de Avaliación trimestral; neste centro a comunicación da información será, polo xeral, a través dunha pequena xuntanza.

Na funcionalidade da PD tamén se incluírán observacións das posibles necesidades e/ou propostas de cambio, reflectindo, especialmente, e entre outros puntos, se o número de sesións se adecúan e se estas son suficientes, de cara á elaboración de seguintes PD.

Ao mesmo tempo, o referido seguimento desta funcionalidade da PD, así como o cumprimento da temporalización, o emprego das diferentes metodoloxías e instrumentos de avaliación e as medidas de atención á diversidade faranse a través do propio PROENS, pois estas veñen eiqú recollidas.

Para medir a consecución da participación activa de todo o alumnado e o apoio de implicación das familias no traballo do alumnado reflectirase o índice destes no rexistro diario de aula.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Tralo remate de cada trimestre revisarase a PD. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos:

1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:

- Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.
- No tocante ás UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.
- Grao de cumprimento da PD con carácter xeral dos indicadores de logro desta.
- Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Análise da situación no tocante ás dificultades atopadas no alumnado:

Se os resultados fosen positivos continuarase na mesma liña de traballo.

Se os resultados fosen negativos levaranse a cabo propostas de mellora.

Accións de mellora:

- Ofrecerse ao alumnado as explicacións individualizadas.
- Elaboración de actividades atendendo ás dificultades mostradas.
- Probas de avaliación de distinta dificultade.
- Comentar co alumnado os fallos máis significativos dos traballos realizados.

En función do anterior:

- Revisión das necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, ACS, etc.)

3. Actividades complementarias (realizadas ou non).

A avaliación dos datos recollidos farase mediante o cadro referido no apartado 8.1. ao que se lle engadirá, a maiores, os cadros precisos que inclúan a información adicional do presente apartado xunto coa información e resultados

destes; posteriormente incluíranse como anexo nas correspondentes actas da coordinación de ciclo. Así mesmo, esta información será incluída na memoria final da materia, con especial relevancia nas posibles propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013059	CEIP de Viñagrande-Deiro	Vilanova de Arousa	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Educación plástica e visual	1º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	16
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	16
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	17
6. Medidas de atención á diversidade	18
7.1. Concreción dos elementos transversais	18
7.2. Actividades complementarias	19
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	20
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	20
9. Outros apartados	21

1. Introducción

Esta programación levarase a cabo no 1º nivel de Educación Primaria. O grupo está formado por 9 nenas e nenos que se atopan nunha etapa de transición entre a preoperatoria e a operatoria, período no cal prodúcense moitos cambios a nivel físico, emocional e relacional.

- Comezan a distinguir a fantasía da realidade.
- Amplíase o vocabulario.
